

## Traballadores volven mobilizarse mentres esperan o acordo de venda de Alcoa

O conflito de Alcoa parece que non atopa un final. Tralo fracaso do proceso de venda iniciado cando se suspendeu a folga, ábrese agora unha nova quenda de negociacións na que ademais de Liberty parece haber máis empresas interesadas. Este anuncio coincide co cumprimento dun ano dende que se anunciou o proceso de ERE, motivo polo que os traballadores volveron saír ás rúas e celebraron unha masiva manifestación en Xove, na que reivindicaron a intervención do Estado no proceso de venda. Así mesmo, comezou un percorrido polos plenos dos concellos. **Pax. 2**

## As praias vístense de verán

Os concellos ultiman as tarefas para recibir aos turistas os meses de estío aproveitando a relaxación de medidas malia o gromo detectado na comarca



O verán está á volta da esquiña e este ano a intención é aproveitar a tempada aínda que sexa con restricións. Así, os concellos xa teñen preparados os seus areais para os turistas tras obras menores e labores de limpeza. O obxectivo é poder ter un verán o máis normalizado posible polo que tamén se retoma a vida cultural co inicio do bo tempo e a relaxación das medidas trala supresión do estado de alarma e do toque de queda. Aínda así, A Mariña terá que superar o gromo detectado nas últimas datas e que levou a Viveiro a unha situación de alerta alta e a Xove á alerta media.

**foz.** O Concello comprará os terreos da nova EDAR. **Pax. 7**

**burela.** Comezan os traballos de reparación do espigón da Marosa. **Pax. 8**

**viveiro.** Xa están preparadas as bases das axudas ao comercio. **Pax. 11**

**mondoñedo.** Remata o proxecto de reforma da praza. **Pax. 15**

**trabada.** Aprobadas as rebaixas fiscais para o sector agrogandeiro. **Pax. 17**

**cervo.** O Goberno local ampliará o Museo do Mar de San Cibrao. **Pax. 18**

**barreiros.** Contará cunha pista multideporte en San cosme. **Pax. 21**

## Volve o programa Aberto x Vacacións



O Concello de Foz acolle unha edición diferente. **Pax. 7**

## Burela acolle de novo as Xeorutas



Terán lugar dende principios de xullo ata setembro. **Pax. 8**

## Terceira edición de MindoMúsica



O festival celebrarase entre xuño e xullo. **Pax. 15**

## ‘Coñece a túa provincia’, co programa da Deputación

O programa Coñece a túa provincia é unha nova medida que lanza a Deputación para estimular o turismo de proximidade e favorecer a recuperación sostible deste sector e da hostalería e o comercio local

fronte ao impacto da pandemia con viaxes gratuítas pola provincia para os veciños. O prazo para que as asociacións e colectivos poidan inscribirse e solicitar praza comezará no mes de xullo. **Pax. 25**

**80%** NO TEU PAQUETE DE FIBRA  
DITO SÓ ATÉ O 30/06

**adamo**  
Fibra · Móbil · Fijo

**Fibra 1.000 Mb**

**Móbil 23 GB**  
Chamadas ilimitadas

**8 €/mes**  
Durante 4 MESES  
Despois 44€/mes

Chama gratis al  
**900 651 679**  
[www.adamo.es](http://www.adamo.es)



## A MARIÑA

# Sen avances en Alcoa, un ano despois

Os traballadores retomaron as mobilizacións aínda que concederon dous meses máis de paz social mentres seguen as negociacións

Preto de 5.000 persoas, segundo estimacións do comité de empresa, participaron en Xove nunha nova concentración para urxir ao Goberno central a acometer a intervención temporal da fábrica a través da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI).

Trátase da primeira acción realizada polo comité de empresa para poñer de relevancia o primeiro aniversario da presentación do ERE por parte de Alcoa, ERE que foi paralizado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e que foi recurrido pola empresa. De feito, en breves días verase dito recurso.

A decisión xudicial de por si non implicará cambio ningún xa que o despedimento colectivo que pretendía aplicar Alcoa xa foi declarado nulo, pero compete xuridicamente xa que segue pendente o recurso contra o fallo que declarou nulo o ERE.

Novamente, os cascos, os monos de traballo e os globos azuis estiveron presentes xunto ás consignas habituais de Enerxía solución e A Mariña sálvese loitando. Durante a concentración, os traballadores fixeron saltar polo aires unha tarta de cumpleaños para simbolizar o tempo transcurrido. Por outra banda, o comité de empresa anunciou que iniciará unha serie de reunións cos posibles compradores da planta, comezando por Liberty. Aínda así, os problemas acumúlanse e a multinacional retrasou unha semana este primeiro encontro.

**ASEMBLEA.** Esta concentración de Xove foi organizada polo comité tras a celebración dunha gran asemblea de traballadores, que ratificou o acordo alcanzado entre o comité de empresa e a compañía polo cal se abre un proceso de



Arriba, dúas imaxes da manifestación de Xove e, abaixo, o comité de empresa no Pleno de Barreiros e un momento da asemblea na factoría

venda á vez que se avala manter a paz social. Dase así un novo período de marxe de dous meses, ata o 19 de xullo, con seguimento de forma quincenal.

Este acordo da asemblea tivo lugar con todos a favor agás un, segundo informou o presidente do comité de empresa, José Antonio Zan.

Os traballadores foron convocados á folga unha vez que rematou o primeiro prazo dos traballadores para rematar o proceso de venda á Sepi. Decididos a retomar a folga, recibiron a petición de aprazas esta xa que existían máis compradores interesados na fábrica. Así

foron aprazando este inicio de folga ata este novo prazo de dous meses.

Firmouse así por ambas parte un acordo que establece varias condicións. A primeira é que a venda fágase a través da Sociedade Estatal de Patentes Industriais (SEPI), mentres Alcoa manterá as negociacións de forma directa cos seis compradores interesados, facilitados pola propia SEPI.

E é que a primeira cláusula do acordo para avanzar na venda inclúe como "imprescindible" que sexa a SEPI a que compre a planta de aluminio para despois realizar a transacción a un terceiro. Ade-

mais, Alcoa tamén se compromete a negociar de boa fe coa Sepi e cos inversores e a manter a produción, co mesmo número de cubas en funcionamento que na actualidade.

Igualmente, recóllese que as empresas interesadas expoñerán ao comité de empresa os plans industriais e enerxéticos para facerse coa factoría.

Que a SEPI compre directamente Alcoa para a súa posterior venda segue sendo o gran tropezo nesta negociación xa que a Sociedad cre que debe ser Alcoa a que xestione e se entreviste con candidatos á compra.

**PLENOS.** Para seguir facendo visible a situación que están a vivir os traballadores de Alcoa, estanse a visitar as sesións plenarias dos concellos da contorna nos que se presenta unha moción para pedir ao Goberno a intervención temporal da fábrica de Aluminio para a súa posterior venda a un terceiro.

Con esta demanda, os traballadores piden que se cumpran os acordos aprobados no Parlamento de Galicia e no Congreso dos Deputacións neste mesmo sentido, para dar garantías á operación de venda e que non se trunque como pasou na Coruña e Avilés.

ESTABLECIMIENTOS  
**REY**  
www.establecimientosrey.com

Avenida Diputación, 88  
27870 Xove | Lugo  
Tel. 982 592 006  
rey@establecimientosrey.com

TU TIENDA DE SIEMPRE

ahora también es  
**online**

www.establecimientosrey.es





# Os concellos preparan os areais para a tempada de verán



A praia do Torno, en Cervo

Os concellos da comarca da Mariña comezaron as tarefas de adecentamento das praias de cara á tempada de verán con distintos traballos, sobre todo tralo comezo do bo tempo, que levaron xa os primeiros visitantes aos aerais, De feito, puido verse traballando xa unha máquina oruga da Deputación de Lugo nos areais para limpar de restos de residuos e materiais que deixa a marea durante o inverno. Trátase de adecuar e de preparar

os areais para que sexan atractivos e cómodos e desde logo que sirvan para atraer o turismo neste difícil ano coa sombra do coronavirus aínda presente.

Así, xa están en marcha os procesos de contratación de persoal, como poden ser os socorristas, así como adecuando os mesmos con carteis informativos das normas sanitarias en vixencia actualmente en Galicia.

Moitos dos concellos aproveitaron xa a pasada Semana Santa

para comezar cos traballos de preparación. Iniciáronse pequenas obras en todos os areais e tamén nos seus accesos á espera de que se recupere este ano o turismo de mar e praia, que estivo moi castigado o ano pasado polo toque de queda así polos peches perimetrais e as distintas restriccións impostas polos Goberno do Estado e da Xunta. Con todo listo, agora só queda a chegada dos habituais veraneantes, que todos os anos impulsan a economía.

## Piden nunha plataforma en liña unha praia canina

Veciños da Mariña veñen de poñer en marcha unha petición na plataforma change.org para pedir unha praia canina na Mariña lucense, xa que dispón dunha lonxitude de costa aproximada de 114 quilómetros e conta así mesmo dunha oferta aproximada de 70 areais dispoñibles. Solicitan habilitar unha segura, accesible e apta para todos os interesados na comarca, e para elo defenden que existen “multitude de praias e areais con relativamente baixa afluencia de persoas ou cun espazo e extensión moito maior para o seu disfrute respectando a contorna natural, e que perfectamente poderían compaxinar o acceso de cans”.

## A Mariña mantén este ano as súas 18 bandeiras azuis

Este ano A Mariña contará con 18 bandeiras azuis segundo a información que deu a coñecer a Fundación Europea de Educación Ambiental. Así, todos os concellos da Mariña terán polo menos unha praia con bandeira azul este verán.

Galicia logrou 122 bandeiras azuis e España obtivo 713, das que 615 son praias, 96 portos deportivos e dous en embarcacións turísticas sostibles, liderando así o ranking mundial. En Galicia, a praia do lago das Pontes obtivo o distintivo por primeira vez.

Foz foi o que máis distincións conseguiu, xa que con cinco areais a bandeira ondeará en A Rapadoira, Areoura, As Polas, Llas e Peizás. Os seguintes concellos con máis bandeiras son Barreiros e Burela con tres, as de Acantilado-Remior, Coto e A Pasada no concello barreirense e A Marosa, O Portelo e Ril no burelés.

Despois atópase Ribadeo con dúas, As Catedrais e Os Castros-Illas, e O Vicedo con Xilloi e Abrela. Seguidos da praia de O Torno de Cervo, Area en Viveiro e Esteiro en Xove.

## Piden un segundo enlace da A-8 coa vila de Ribadeo



A A8 ao seu paso por Ribadeo

A localidade de Ribadeo está delimitada por dúas estradas de gran importancia para a súa comunicación, a autovía do Cantábrico, A-8, e a estrada estatal de acceso ao Porto de Mirasol. Desde que se construíu a A-8 no ano 2004, a veciñanza de Ribadeo reclamou a creación dun acceso desta vía ao centro da vila en dirección Galicia-Asturias, pois existen dous accesos desde a Autovía para os vehículos que chegan de Asturias, pero só un de Galicia.

“Nos últimos anos, Ribadeo mantivo un importante crecemento urbano, sobre todo debido ao seu interese turístico e por ser un destino preferente como segun-

da residencia vacacional e de fin de semana” lembra o deputado do BNG no Congreso. Este factor, sumado “á gran actividade comercial e de lecer que atrae un elevado número de persoas tanto do resto da comarca como de Asturias”, supón un notable incremento do tráfico nos accesos a esta localidade, especialmente nos períodos estivais e nos días non laborables.

“É de gran importancia para as comunicacións e a mellora do tráfico, que se execute ese acceso central a Ribadeo e que conte cunhas características apropiadas para absorber o volume de tráfico de entrada e saída” apunta Rego.

## Impulsan o comercio xusto en Viveiro e Burela a través de feiras

O Concello de Viveiro e o de Burela, tras a solicitude presentada pola concelleira de Benestar Social viveirense, Victoria Baamonde Gómez, e a concelleira de Igualdade, Noelia M<sup>a</sup> Ben, formarán parte da iniciativa impulsada por Solidariedade Internacional, na que se apoiará a cinco concellos socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade na promoción do comercio xusto, a compra ética e o consumo responsable. O proxecto incorpora actividades para todos os públicos como a re-

presentación da peza teatral *Vaia Tea*, que convida a reflexionar sobre o consumo de roupa a través do humor, ou a feira *Comercio con Sentido*, sobre a produción e comercialización do café, o cacao e o azucre.

Ademais, contémpanse accións dirixidas especificamente ao persoal político e técnico dos concellos, entre elas encontros informativos con entidades dos países do Sur e mais un acompañamento permanente para contribuír ao cumprimento do ODS 12.

# 2500 m<sup>2</sup> a tu disposición

¿Qué harías con ellos?  
Nosotros, reforestar.

Tenemos un bosque para ti.

Únete a nuestro proyecto de reforestación y descubre más en [ortegaloil.es](http://ortegaloil.es)

EL BOSQUE DE  
ORTEGAL OIL

Ortegal Oil
[www.ortegaloil.es](http://www.ortegaloil.es)
 Ortegaloil
 881 93 18 56

\*Consulta con nuestro personal para conocer el servicio y la campaña.





O río Xunco ao seu paso por Cervo

## Limpan uns 10 quilómetros do leito dos ríos Xunco, Xunqueira e do rego de Nois

Veñen de rematar traballos de limpeza en treitos interurbanos do río Xunco ao seu paso pola parroquia de Sargadelos, en Cervo, e no río Xunqueira en Cabandela e Os Muíños, no municipio de Viveiro. Igualmente, comezaron as tarefas no Rego de Nois, na parroquia de San Xiao de Foz.

Explicaron que en conxunto estas limpeza afectan a preto de 10 quilómetros de treitos interurbanos destes ríos, practicamente a metade no Xunqueira (4.967 metros), e o resto no Xunco (2.514 metros) e Nois (1.820 metros).

Son actuacións preventivas que executa a Xunta para mellorar o

comportamento hidráulico e minimizar os efectos das posibles enchentes. En concreto, realízanse labores de retirada da vexetación do leito, árbores e pólas caídas así como silvas, carrizos ou fentos, e elimínanse as obstrucións que puideran entorpecer o curso da corrente.

Arias subliñou que a Xunta programa continuamente este tipo de intervencións, a través de Augas de Galicia, no marco do plan de mantemento, conservación e mellora no dominio público hidráulico das bacías de Galicia-Costa, para favorecer as condicións naturais do ecosistema dos ríos.

## O GDR Terras de Miranda impulsa o turismo e a economía

Vanse investir preto de 340.000 euros na Mariña lucense a través da medida Leader, para dinamizar a economía mediante o impulso do turismo e do tecido produtivo local, así o comunicou a directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé. A Consellería do Medio Rural destinou máis de 42.000 euros á guía turística que presentou esta tarde o GDR Terras de Miranda e outros 200.000 euros a rehabilitar a casa onde se levou a cabo esta presentación, para dedicala ao turismo rural no municipio de Barreiros. A maiores, achegou máis de 95.000 euros a poñer en marcha unha carpintería metálica emprazada no mesmo Concello. Inés Santé comezou a súa visita á Mariña, precisamente, nesa carpintería metálica de aceiro inoxidable situada no parque empresarial de Barreiros, que recibiu unha axuda de 95.071 euros xestionada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ao abeiro da medida Leader. Como primeira empresa da comarca dedicada exclusivamente a este sector, a directora xeral comprobou



Presentación da guía de turismo en Araucaria House

que a firma ofrece asesoramento, deseño, fabricación, colocación e mantemento do produto final, priorizando como materia prima o aceiro local de orixe reciclada. O seguinte destino foi a casa de turismo rural Araucaria House, beneficiaria dunha achega de 200.000 euros da medida Leader. Situada nunha parcela de 7.726 m<sup>2</sup> da parroquia de San Cosme, o proxecto consta dunha casa principal, catro edificacións secundarias e superficies anexas como unha eira e hortas cunha palleira, hórreo e pozo. Mediante a iniciativa subvencionada pola Axencia

Galega de Desenvolvemento Rural rehabilitouse a construción -que figura na "lista de bens con valor cultural e que deben ser obxecto de protección" elaborada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta- para convertela nun establecemento de hostalería coa clasificación turística de "Casa Grande". As novas instalacións dispoñen de sete cuartos dobres e un individual, oito baños e un total de 18 prazas, ademais de zonas comúns como un comedor, sala de lectura, ximnasio, área de xogos, sala-taller ou sala de reunións.

## A DEPUTACIÓN INVISTE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



### Renovación do firme da LU-P-0610

(no Concello de Barreiros, estrada que discorre paralela á costa, enlace entre as praias de Altar e Reinante e a glorieta da praia das Catedrais)

**MELLORANDO OS SERVIZOS A VECIÑOS  
E VISITANTES DA COMARCA**



CONSTRUCCIONES  
ISIDRO OTERO, S.L.

**Ampla experiencia en obra civil,  
desde regas asfálticas, canalizacións,  
urbanización de rúas, diques, aglomerado...**

**CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO,**  
pon á súa disposición un variado cadro de persoal  
capacitado para satisfacer todas as súas necesidades,  
ademais dun gran abanico de maquinaria de todo tipo  
e planta de aglomerado en quente.

**CANTERAS ISIDRO OTERO,**  
dispón de 3 explotacións de árido calizo: Valiño,  
Grande Mesada e Louseiras.





# A Covid golpea á Mariña con Viveiro e Xove con restricións

Un gromo detectado en Viveiro, que se estendeu por diversos concellos, cambiou a tendencia á baixa da presenza do virus e volveu traer as restricións para a comarca, concretamente nos concellos afectados.

Os datos no municipio de orixe son preocupantes e malia non chegar á situación detectada co anterior gromo, si volve traer limitacións de aforo e de mobilidade neste Concello, que está en alerta alta.

Ao seu lado Xove, que tamén foi un dos concellos castigados pola covid nas outras vagas, tamén está en alerta, no seu caso na máis baixa, debido a varios contaxios que subiron lixeiramente de dez. Aínda que a situación está controlada, moitos concellos que levaban semanas limpos de covid rexistraron algún caso malia que esto no foi significativo.


**ALIVIO DE RESTRICIÓN.** Debido á boa evolución da pandemia en Galicia, o comité clínico aceptou a proposta de que bares de tapas e cafeterías, sen licenza de restaurante pero que ofrezan comidas, poidan atender ao público ata a 1 da madru-

gada. Ata o de agora, este horario só tífano concedido os locais de hostalaría con licenza de restaurante.

Posteriormente, o Sergas ampliou os máximos permitidos de reunións de non conviventes, de maneira que poderán reunirse ata dez persoas en exteriores. En interiores tamén se abre a man, e en lugar de catro poderán congregarse ata seis persoas. Mantense a norma que impide aos non conviventes estar reunidos en domicilios entre as 1.00 e as 6.00 horas.

Así mesmo incrementáronse os aforos do 50 ao 75% en comercios e centros comerciais, ademais de en actividades e reunións profesionais, actividades académicas ou de congresos, sempre respectando as medidas de seguridade e a distancia física dun metro e medio, con carácter xeral para toda Galicia, salvo nos municipios que están en nivel alto ou máximo de restricións.

En canto ás residencias, ampliáanse as saída, de maneira que os usuarios poderán abandonar as instalacións todos os días, por un tempo máximo de catro horas.



**MANIFESTACIÓN.** Os hostaleiros de Viveiro manifestáronse o día 1 en defensa do sector ante a difícil situación que están a atravesar polos peches temporais e restricións de aforo cada vez que sobe a incidencia da covid-19.

## Mondoñedo acollerá unha verbena piloto o día 19 de xuño

O vindeiro 19 de xuño realizaranse probas piloto con orquestras en cinco concellos para ensaiar a posta en marcha das festas e verbenas en Galicia, no caso da provincia de Lugo, será en Mondoñedo e da man da Orquestra Principal. Os outros concellos escollidos para os eventos serán Costa Dorada en Noia, Ocaband en Tomiño, Los Satélites en Arteixo e Cinema no Carballiño.

Así, estes espectáculos contarán con aforos de entre 1.000 persoas de pé e 5.000 sentadas que poderán chegar ata os 10.000 asistentes en función das características do recinto e sempre con máscara.

Co fin de ofrecer certezas a organizadores, público e traballadores, actualmente estanse a tratar diferentes aspectos como a posibilidade de consumir comida ou bebida, pero en todos os casos o uso da máscara será obrigatorio e deberán cumprirse as distancias de seguridade de, polo menos, 1,5 metros e de 5 metros entre o escenario e o público. Os asistentes terán á súa disposición dispositivos de xel hidroalcohólico ou desinfectantes nos puntos de entrada e saída así como nos aseos.

[www.hijosderamonrubalsl.es](http://www.hijosderamonrubalsl.es)  
[alfoz@hijosderamonrubalsl.es](mailto:alfoz@hijosderamonrubalsl.es)

# 982 55 86 00

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

MÁS DE 80 AÑOS COMPRANDO MADERA

# COMPRAMOS MADERA

## PINO Y EUCALIPTO

VENDA SU MADERA SIN SALIR DE CASA  
LLÁMENOS NOSOTROS NOS ENCARGAMOS DE TODO

Hijos de Ramón Rubal

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL



## O alcalde aposta polo emprego do Concello

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, pon en valor a aposta polo emprego do Concello: máis de 600.000 euros fronte aos 200.000 que propuxo o Partido Popular.

O rexedor municipal relaciona os investimentos en emprego que se levan a cabo desde o Concello, desagregados nas distintas liñas de actuación: Plan Único 2020 en vigor, 100.900 euros; subvención para persoas en risco de exclusión social (Risga), 64.000 euros; Solicitud Mellora de Empregabilidade, 111.300 euros; Plan de Contratación para o verán, 50.000 euros; prazas de oficial do servizo de obras, 38.000 euros. "Suman un total de 364.200 euros. Se lle engadimos o obradoiro dual de emprego Terras do Ouro para traballos forestais, na parte que lle podería corresponder a Foz (70% de 31.9874 euros, 22.3912 euros) e tendo en conta tamén outras liñas e subvencións que se están a pedir, como o Apropol



Fran Cajoto

Rural, o convenio para prevención e defensa de incendios forestais e outras máis, estamos a falar dunha cantidade moi superior aos 600.000 euros", explica Fran Cajoto. Ademais Cajoto lamenta o ton do plenario: "foi bronco, de confrontación, con continuas interrupcións do voceiro do Partido Popular, ao que o tiven que chamar varias veces á orde".

## Xosé Ramón Fernández Pacios, novo cronista oficial da vila

O Concello de Foz anuncia o acordo de todas as forzas políticas municipais para que o historiador focego Xoán Ramón Fernández Pacios sexa o novo cronista oficial. Por motivos de saúde a causa da súa idade, Suso Fernández renunciou ao cargo de cronista oficial do Concello de Foz a finais do ano 2019, agradecendo "a honra que para min supuxo todo este tempo exercendo como cronista de Foz e a confianza que, por unanimidade, se depositou en min para este cargo".

Suso Fernández foi un pioneiro en moitos ámbitos, a súa biografía é moi extensa. Cronista oficial de Foz desde o 28 de decembro de 2001, no seu haber destacan fitos como fundar a primeira imprenta e librería de Foz no ano 1963, presidente-fundador da ACIA, co-fundador da Federación de Comerciantes da Mariña, promotor e director da Feira do Libro de Foz, presidente-



Fernández Pacios substitúe a Suso Fernández

fundador da Asociación O Feitizo-Amigos das Artes, cofundador da Asociación Os Bolouros-amigos das setas e do Radio Clube Costa Lugo, cofundador da Coral Polifónica de Foz, presidente-fundador da Asociación da Coral Polifónica de Foz e un longo etcétera. A forte actividade asociacional de Foz é en gran parte froito do traballo e do agarramento de Suso por esta vila, sobre a

que escribiu diversos libros: Guía histórica e artística de San Martiño de Mondoñedo, o primeiro libro publicado acerca do importante monumento; Foz, o mar e as xentes; Miscelánea focense, Cartafol de Foz e Foz, un lugar de ensueño. Innumerables son os seus artigos en xornais, aportacións en distintos programas, recoñecementos e premios.

## Unanimidade en reclamar as obras da travesía de Vilamor

A Comisión de Ordenación Territorial do Parlamento aprobou unha proposición non de Lei do PSOE para reclamarlle á Xunta que remate coa obra das beirarrúas do tramo urbano da LU-162, na travesía de Vilamor, en Cangas de Foz. A portavoz de Obras Públicas do Grupo Socialista, presentou esta iniciativa na que acusou ao goberno galego que remate con esta obra iniciada en 2013.

"A conservación non é axeitada", con lousas levantadas que provocan tropezóns e caídas e mesmo ten pozos de pluviais abertos sen protección axeitada", din.



Travesía de Vilamor

## O Pleno pedirá a ADIF a mellora do mantemento da vía férrea

O BNG de Foz presentou dúas propostas, que foron aprobadas por unanimidade no último Pleno.

Unha foi para a mellora do mantemento das zonas anexas aos camiños de ferro do Concello. "Como poden comprobar os usuarios e preciso o eliminado da vexetación na plataforma e o entorno dos case 15 kilómetros de vía xestionados polo ADIF no Concello de Foz para mellorar a imaxe, e especialmente previr incendios forestais como xa se teñen producido noutros puntos da rede ferroviaria de Galiza, e mesmo mellorar a seguridade ferroviaria",

explicaron.

A outra facía mención ao debate sobre o repagamento mediante peaxe das autovías de titularidade estatal. "Unha proposta xa plantexada polo PP cando gobernaba e que agora na oposición rexeita. Unha medida de carácter regresivo e cun impacto negativo que tería para as persoas usuarias das autovías, para a seguridade viaria e para a competitividade das nosas empresas. Por riba o Ministerio xa planificou tarifas, incluso para autovías proxectadas pero aínda non iniciadas", din.

**NUEVA GERENCIA**

**DESAYUNOS MONTADITOS**

**Happy Cafetería Days**

**HORARIO 06:30/ 23:00H**

**CALLE ÁLVARO CUNQUEIRO 22, FOZ**

**Dermoterapia Centro de Estética**

Cita Previa: 664 527 486

**Tratamientos**

- Láser Diodo
- Láser IPL
- Depilación hilo
- Cavitación
- Presoterapia
- Esmaltado semipermanente
- Embellecimiento del pie
- Extensión de pestañas
- Tratamientos faciales y corporales
- Solarium



# O Concello de Foz comprará os terreos da nova EDAR

O Concello de Foz consignará case 90.000 euros de fondos propios no presuposto para a compra dos terreos da nova estación depuradora de augas residuais (EDAR). Anunciouno o alcalde, Fran Cajoto, que solicita á Xunta que axilice a aprobación do anteproxecto e estudo de impacto ambiental “dunha infraestrutura que debería estar en funcionamento xa desde o ano 2020 segundo o convenio asinado no 2016”. O rexedor municipal explica que “en Foz é máis necesaria ca nunca unha nova depuradora: non podemos coidar unha ría cualificada como LIC e ZEPA, de tanta importancia medioambiental, sen unha infraestrutura con capacidade suficiente para tratar as augas residuais de Foz. Debemos recordar que a nova EDAR será financiada ao 80 % por fondos europeos, dentro do programa operativo FEDER GALICIA 2014-2020. Tendo en conta que coa prórroga establecida de 3 anos para estes fondos a xustificación final deberá realizarse antes de decembro do 2023 e que xa transcorreu a metade do 2021, só restan 2 anos e medio para cumprir con Europa”.



A Edar de Foz

Fran Cajoto engade que “dentro destes 2 anos e medio debemos incluír a licitación do proxecto construtivo e da obra, a redacción e aprobación do proxecto construtivo, a execución da infraestrutura e a posta en funcionamento da nova EDAR. Iso sen contar que aínda está pendente a aprobación final do anteproxecto e o estudo de impacto ambiental, a aprobación en pleno, a compra dos terreos unha vez se aprobe definitivamente o anteproxecto e todos os requisitos que conleva un proxecto destas características: hai demasiado pouco tempo”.

O alcalde destaca que “aínda que a ubicación escollida para nós non é a óptima, estamos colaborando en todo o necesario para que Foz non perda a oportunidade de contar con esta infraestrutura tan necesaria”. Explica que “outras das cuestións que se propuxeron en distintas reunións con Augas de Galicia foi a integración do tanque de tormentas -a executar na explanada do peirao- co entorno, así como a recuperación da nave na que está a actual EDAR, demolendo só parte poderíase recuperar a nave para usos municipais”.

# Volve o programa Aberto x Vacacións

Volve o programa Aberto x Vacacións a Foz aínda que será unha edición un pouco diferente porque haberá que ter precaución e seguir as recomendacións das autoridades sanitarias, con limitacións de aforos. Estas actividades serán no Ceip O Cantel e na Sala Bahía, ademais de poder incluír outras ubicacións. As prazas estarán limitadas, atendendo á normativa existente, e o proceso constará de: preinscrición, publicación de persoas admitidas e formalización de inscrición. Terán prioridade aqueles nenos cuxos proxenitores traballen, así como familias monoparentais (entrega de documentación acreditativa o día de formalizar a inscrición ou perda de praza), e os menores empadroados no Concello de Foz. Resérvase un 20% de prazas a persoas en situación de vulnerabilidade, beneficiarias de programas sociais. Co resto das preinscricións, realizarase un sorteo ata cubrir as prazas. A preinscrición realizarase a través do envío do formulario ao enderezo electrónico: [axv2021@concellodefoz.es](mailto:axv2021@concellodefoz.es). A listaxe dos códigos das persoas



admitidas será publicada na sección de Novas da web do Concello de Foz, despois da realización das comprobacións e do sorteo. As datas de preinscrición rematan o 8 de xuño e a listaxe publicarase o 15. Haberá catro quendas para as actividades, a quenda 1 do 5 ao 16 de xullo, a quenda 2 será do 19 ao 30 de xullo, a quenda 3 do 2 ao 13 de agosto e a quenda 4 do 16 ao 27 de agosto. Cada unha delas terá un custo de 10 euros. As persoas admitidas deberán formalizar a inscrición na Casa da Xuventude, en horario de 9.00 a 13.00 e de 18.00 a 20.00 horas, do 16 ao 30 de xuño para as quenda 1 e 2, e do 19 ao 29 de xullo para as 3 e 4.

# Retirados dous valos publicitarios en Vilaxoane

O Concello de Foz retirou dous valos publicitarios de grandes dimensións situados na entrada da vila, en Vilaxoane, que non estaban regulados. O goberno municipal explica que “foi unha actuación contra o feísmo e desde o Concello imos seguir traballando nesta liña para embelecer outros lugares do municipio nos que tamén hai danos á paisaxe que é necesario corrixir”.



# Rematan as obras de mellora da área recreativa de Malates

O Concello de Foz vén de informar dos traballos de mellora feitos durante estas últimas semanas, e que engloban os acondicionamentos de camiños e de estradas. Algúns dos traballos foron a renovación de mesas e bancos na área recreativa de Malates do antigo vertedoiro, o bacheo e desbroces de camiños en San Martiño na Xunqueira e Ferreiravella, a mellora de accesibilidade coa ampliación de beirarrúa e rebaixe para paso de peóns en Rego de Foz.



Un dos novos bancos da área recreativa de Malates

Tamén fíxose a apertura de cunetas e mellora do firme no camiño de Rego da Fraga en Fazouro, o mantemento de xardíns da Cape-

la do Carmen en San Martiño, Vilaronte, Cordido, e a urbanización das Torres, Vilachá en Cangas, Concepción Arenal e Gardería.



**Mar Cantábrico**  
RENT A CAR

ALQUILER DE AUTOMÓVILES EN A MARIÑA

- Coches urbanos, compactos, berlinas y SUV, vehículos como nuevos y equipamientos de alta gama.
- Monovolumen de 9 plazas disponible.
- Posibilidad de recogida y devolución en los aeropuertos de A Coruña, Avilés y Santiago de Compostela

RENTING DE VEHÍCULOS. TRABAJAMOS CUALQUIER MARCA O MODELO. ¡CONSÚLTENOS SIN COMPROMISO!

T. 670 979 852 • [rcmarcantabrico@gmail.com](mailto:rcmarcantabrico@gmail.com) • [www.rentacarmarcantabrico.com](http://www.rentacarmarcantabrico.com)

RIBADEO: Avda. Ría de Ribadeo, 20 - 27700 Ribadeo (Lugo)  
Tlf./Fax: 982 120 803

FOZ: Crta. General, 1 - Forxan - 27789 Foz (Lugo)  
Tlf.: 982 141 554

XOVE: Polígono Camba, 31 - 27870 Xove (Lugo)  
Tlf.: 982 102 020



## O Concello será obxecto dun informe especial por parte do Consello de Contas

O Concello de Burela será obxecto dun informe especial por parte do Consello de Contas debido ás irregularidades detectadas e xa denunciadas polo Grupo Municipal Popular.

Así, remitíuselle ao Grupo Municipal Popular o acordo adoptado hai unhas semanas polo Pleno do Consello de Contas perante a denuncia efectuada por este Grupo a principios deste ano no referente “ás terribles irregularidades detectadas no correspondente informe de intervención e secretaría remitido coas contas que enviou a este órgano independente o Concello de Burela, do que o Sr. Llano é o seu máximo responsable”, din.

Neste sentido, “o Consello de Contas ven de darlle a razón ao Grupo Municipal Popular no referente á denuncia efectuada no seu día e que poñía de manifesto as gravísimas irregularidades detectadas nesas contas que foron aprobadas o ano pasado polo “gobierno” do Sr. Llano co total consentimento, unha vez máis, do Grupo do BNG”,

segundo manifestan os populares.

**IRREGULARIDADES LABORAIS.** “Fálase, por exemplo, de graves irregularidades laborais dentro do propio Concello ao estar a cobrar parte do persoal laboral complementos que non se axustan á legalidade vixente, o que supón unha vulneración dos dereitos de igualdade con respecto ao resto do persoal que cumpre coas súas funcións en postos de igual categoría”, indican.

Ademais, segundo explican dende o Grupo Municipal Popular “gran parte do persoal laboral do Concello de Burela, contratado inicialmente de forma temporal, pasou a ser persoal de facto ao superarse o período máximo que podería estar nesta situación de contratación de temporalidade sen que, dende a alcaldía, se tomara ningún tipo de medida para que se procedera á convocatoria de algún concurso oposición que garantira a libre e equitativa participación de todos aqueles, veciños ou non de Burela, que se quixeran presentar”.

## Tres empresas optan a redactar o proxecto de melloras no hospital

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, informou en sede parlamentaria sobre as melloras realizadas nas infraestruturas sanitarias da provincia de Lugo, así como nas prestacións, servizos e equipamento que levan aparelladas.

En canto ao Hospital da Mariña, o titular da carteira sanitaria galega, indicou que se continúa avanzando na mellora de todas as súas instalacións. Comesaña lembrou que xa están rematadas as fases 0,1A e 1B coa execución dun novo edi-

ficio para consultas externas e de hospitalización, así como o novo aparcadoiro e a reforma do edificio existente.

O seguinte paso é executar as Fases II e III coa construción dun novo edificio anexo sin funcións asistenciais Tamén se reformarán diversas áreas do edificio existente, ampliarase a área de urxencias, reformarase a área de cirurxía maior ambulatoria, a URPA (unidade de recuperación postanestésica) e a unidade de críticos.

## Deron comezo os traballos de reparación do espigón da Marosa

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, informa de que a Dirección xeral da Costa e o Mar, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, está a realizar traballos de arranxo do espigón de apoio á praia da Marosa, no concello de Burela.

O espigón que conforma a praia da Marosa, que sofre periodicamente danos pola acción dos temporais, é fundamental para a formación da praia e o seu mantemento, polo que a Xefatura provincial de Costas comezou este luns os labores de reparación e reparación do mesmo.

As obras consisten na reconstrución do espigón mediante a recollida da escolleira existente e a retirada das pedras depositadas sobre a praia, sen que sexa necesario o aporte de novos materiais. Estes traballos non impedirán o uso do areal.

Esta obra inclúese no plan de traballo que ten programada a Dirección Xeral da Costa e do



Traballo no espigón burelés

Mar para reparar varios accesos a praias da Mariña que se atopan pechados por mor dos danos ocasionados polos temporais.

Entre as actuacións programadas, ademais do espigón da Marosa, figuran os accesos ao areal de Rocas Brancas, no concello de Ribadeo: así como a recuperación das escaleiras da praia do Coto, pertencente ao municipio

de Barreiros, e o acceso á praia de Arealonga, en Foz.

O obxectivo de Costas é ter rematadas as obras antes de que comece a próxima temporada estival.

A subdelegada explicou que estes traballos están incluídos no plan de conservación e mantemento do litoral e o seu custe estímase nuns 30.000 euros.

## Volven as Xeorutas, o turismo activo polo que aposta o Concello

As Concellerías de Turismo e Medio Ambiente presentaron o calendario das Xeorutas do verán de 2021, que se desenvolverán durante 22 días desde principios de xullo ata mediados de setembro.

O edil Ramiro Fernández Rey explicou que “desde as Delegacións de Medio Ambiente e de Turismo vimos de presentar as Xeorutas deste verán de 2021. Este ano decidimos apostar fortemente por este tipo de turismo activo, xa que as edicións anteriores deron uns resultados moi bos estas actividades. Neste 2021 decidimos reforzar as Xeorutas. Imos ter dúas semanas desde xullo ata setembro e en total serán 22 días de rutas durante todo o verán”.

O concelleiro de Turismo contou que “esta é unha das principais novidades que imos ter no ámbito turístico durante este ano, pero estamos planificando outras actividades, que agardamos que funcionen ben. Estamos esperanzados en que sexa un bo ano para o turismo a pesar da pandemia. Eu penso que a xente está decidida a saír da casa en



O alcalde e os concelleiros de Medio Ambiente e de Turismo

canto lle deixen e a apostar pola Mariña Lucense para pasar as súas vacacións”.

Ramiro Fernández engadiu que “nese aspecto estamos apostando fortemente por todo este tipo de actividades. As Xeorutas puxéronse en marcha no ano 2016 e desde entón están a funcionar moi ben. Neste 2021 reforzamos este tipo de accións para intentar que os visitantes

que veñan aquí a Burela teñan oferta de actividades para complementar ese descanso que fai a xente cando vai de vacacións”. As persoas interesadas en realizar algunhas das rutas xeolóxicas da Marosa, do Perdouro, do Cantioño ou do Monte Castelo poden informarse no teléfono 982 888 506. As inscricións deben realizarse en [rutasxeoloxicasdegalicia.blogspot.com](http://rutasxeoloxicasdegalicia.blogspot.com).

**D&A Díaz & Abad**  
abogados

**LEY DE SEGUNDA OPORTUNIDAD**

**¿TIENES DEUDAS?**

Da igual que seas empresa o persona física, podemos ayudarte.  
**¡Te asesoramos con la Ley de Segunda Oportunidad!**

Travesía de la Marina, 51 - 3º. Viveiro (Lugo) - Tfno.: 982 570 243  
Rúa da Fonte 12, Mondoñedo

UTILIZAMOS TODAS LAS MEDIDAS SANITARIAS CONTRA EL COVID-19 EN NUESTROS LOCALES



## Burela Floral está a preparar a tradicional alfombra este ano

Dende a asociación Cultural Burela Floral informan que están a preparar a edición deste ano da alfombra floral. “Será un acto atípico a como solemos traballar, pero dadas as circunstancias que estamos a vivir, realizarase un solo debuxo na praza do Concello de Burela”, din dende a asociación. Cubrirán a praza cun tapiz floral dunha superficie de 150 metros cadrados e feito con materiais típicos como a viruta, as serraduras de madeira tinguidas, a flor e o sal serán os que utilizaremos, incluíndo tamén algún que outro material co que estamos a experimentar.

A temática que abordarán este ano mistura dous conceptos como son o ano Xacobeo e o mar. Burela é un pobo con ampla tradición costeira, por ela, pasa o Camiño do Mar, un percorrido de 140km dende Ribadeo ata Neda onde se une co Camiño Inglés. “Dende o punto de vista artístico quixemos



A temática deste ano mistura dous conceptos como son o ano Xacobeo e o mar

facer una referencia tanto ao mar coma o camiño, cunha visión metafórica da realidade que nos rodea”, engaden.

O 5 de xuño comezase pola mañá a confección na praza ata acabar. Pode participar na confección toda aquela persoa que así o desexe, desde nenos a maiores, sempre cumprindo as normas sanitarias pertinentes.

A Asociación Burela Floral está a animar aos veciños a participar na alfombra floral de 150 metros cadrados que se confeccionará. Na praza realizarase tanto o preparado da flor coma a confección do deseño. Así, puxeron unha web cun formulario para anotarse e comunicar as persoas que acudiran e a hora para así traballar en grupos reducidos e de maneira segura.

## Burela inclusiva, un proxecto de expresión artística para decorar a localidade

A concelleira de Mar e Servizos Sociais, Carmela López, acudiu ao acto de presentación de Tanza no campus de Ferrol, no que está incluído o proxecto Burela Inclusiva, que foi presentado ao Galp e no que se implica á Fundación Eu Son, á Asociación de axuda ao enfermo mental A Mariña, á Fundación Expomar e á asociación A Mariña Sen Plástico.

Carmela López explica que “o Concello en colaboración coa Federación de Confrarías de Pescadores de Lugo queremos poñer en marcha un proxecto de expresión artística para decorar o pobo e un obradoiro de artesanía feito con redes”.

Á presentación, que tivo lugar en



Ferrol, asistiron tamén persoal directivo da Fundación Eu Son, da Asociación de axuda ao enfermo mental A Mariña, das redeiras e da Federación de Confrarías.

## A Escola Municipal de Música organiza varios obradoiros

A Escola Municipal de Música de Burela organiza varios obradoiros que se levarán a cabo ata o 23 de xuño.

Xan Carballal, o director da Escola, explica que “están destinados a todos os rapaces dende seis anos, mozos e adultos que queiran aprender e lles guste a música. Poderán utilizar o instrumental do que dispón a Escola de Música, respectando a normativa sanitaria en todo momento, e participarán dos obradoiros ofertados de balde”.

Carballal sinala que “comezarán o 11 de maio e rematarán o 23 de xuño, realizándose todas as xornadas nas instalacións da Escola de Música, sita na Rúa da Igrexa. Para inscribirse terán que cumprimentar a folia de inscrición que foi entrega-

## Comeza a sinalización de sumidoiros



Pode verse a mensaxe o mar comeza aquí xunto coa silueta dun bonito e o mar

A Concellería de Medio Ambiente xunto coa asociación A Mariña Sen Plástico comezaron a sinalizar sumidoiros en Burela co fin de concienciar á poboación sobre os residuos mal xestionados e o efecto que teñen sobre os ecosistemas mariños.

A edil Toñi Eijo explicou que “desde a Delegación Municipal de Medio Ambiente xunto coa asociación A Mariña Sen Plástico comezamos a sinalización dos sumidoiros no noso pobo. Fíxemolo na rúa Eijo Garay nos que

pode verse a mensaxe o mar comeza aquí xunto coa silueta dun bonito e as ondas do mar”.

A concelleira subliñou que “o obxectivo da campaña é concienciar á poboación sobre os residuos mal xestionados e o seu devastador efecto sobre os ecosistemas mariños. Todo o que arroxamos aos sumidoiros ou ao chan finalmente chega ao mar. A contaminación que sofren os océanos é unha das ameazas máis urxentes ás que nos enfrontamos”.

### EN BREVE

**ROTEIROS.** A delegación na Mariña da Asociación Española Contra o Cancro (AECC) organiza roteiros saudables os mércores en Burela. Previr o cancro, xestionar o cansazo e gañar en saúde son obxectivos destas camiñadas. A iniciativa é gratuita e pódese obter máis información no teléfono 982 250 809 ou no correo electrónico lugo@aecc.es.

**INGLÉS.** Mujeres en Igualdad Provincial de Lugo (antes Bumei Burela), acolle un curso de inglés básico con formación online que se realizará dende o 14 de xuño ata o 6 de xullo en horario de luns a venres de 11:00 a 12:00 horas. Este curso é totalmente gratuito e está dirixido a persoas en especial vulnerabilidade, persoas desempregadas e/ou con baixos recursos económicos. Para anotarse será necesario chamar ao 607 593 700 ou a bumeiburela@gmail.com.



## Publicada a ordenanza da saca da madeira

Concello de Viveiro informa da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), o xoves 20 de maio de 2021, da Ordenanza Reguladora do uso común especial dos viais municipais para a saca de madeira. Dita ordenanza fora aprobada inicialmente polo pleno municipal o pasado 4 de maio de 2021.

O prazo para a presentación de reclamacións e suxerencias contra dita ordenanza será de trinta días hábiles tras a súa publicación no BOP. As reclamacións e suxerencias presentadas deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación, para proceder á aprobación definitiva da Ordenanza.

## EN BREVE

**DOAZÓN.** A unidade móbil de doazón de sangue estará o xoves 3 de xuño en Viveiro para recoller as doazóns dos veciños e veciñas que así o desexen, sempre que sexan maiores de 18 anos e con máis de 50 quilos de peso. O vehículo prestará servizo de 10.30 a 14.00 e de 17.00 a 21.00 horas fronte ao conservatorio de música na avenida da Mariñan nos xardíns Nogueira Varela.

**ARTESANÍA.** A XXXVII Feira de Artesanía de Viveiro celebrarase entre o 13 e 22 agosto nos xardíns de Noriega Varela, e xa está aberta a inscrición para os artesáns que queiran participar. O horario da feira será de 11.00 a 14.00 e de 17.30 a 22.00 horas e as solicitudes deben presentarse antes do 20 de xuño no correo feiradeartesaníadeviveiro@gmail.com. O prezo por cada expositor é de 390 euros. Ademais, a organización convocou dous premios, un de 200 euros á mellor presentación do stand e un de 100 euros ao mellor produto. As persoas interesadas poden poñerse en contacto coa organización nos teléfonos 636 737 608 e 637 570 444.

**GAIVOTA.** O Concello de Viveiro pon en marcha, un ano máis, o servizo gratuíto para o control da poboación urbana da gaivota patiamarela e a pomba común para a campaña de nidificación deste ano. O servizo busca a redución e desprazamento da poboación de gaivotas que colonizou o medio urbano, facendo uso do mesmo para alimentarse dos refugallos xerados e colonizando os tellados para situar as súas zonas de cría. As persoas que así o desexen poderán solicitar o servizo a través dos seguintes teléfonos de contacto do Concello de Viveiro 982 562 968, e con Larus Control no 689 838 359 ou laruscontrol@hotmail.com.



O proxecto substituirá o emisario

## Acondicionarán o saneamento de Celeiro

O Concello informou do proxecto de saneamento de Celeiro e mellora da condución vertido da EDAR de Viveiro, este sae publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do xoves 20 de maio.

No anuncio deste proxecto concédense, polo tanto, un prazo de 20 días hábiles de exposición pública do mencionado proxecto, contados a partir da publicación deste anuncio no BOP.

Este proxecto, que se atopa a disposición do público no Departamento de Urbanismo e Medio

Ambiente do Concello de Viveiro, inclúe actuacións no saneamento de Celeiro. Concretamente, abarca a substitución do emisario, conduto que recolle as augas residuais; e actuacións no bombeo definitivo de Rego.

Por outra banda, o Concello presentará unha solicitude á Xunta para declarar a zona antiga de Celeiro como área de rehabilitación integral xa que como vila mariñeira conta cun amplo número de casas diferente tipoloxía e o que se pretende é conservalas.

## O BNG propón para Portochoa unha área de autocaravanas

“O número de persoas que viaxan en autocaravana ou furgoneta camper está a medrar de maneira considerable cada ano, máis no marco da covid19 que estamos a vivir sendo unha maneira cómoda e segura para viaxar”, con esta premisa o BNG de Viveiro presentará unha moción para o pleno.

“Este medio facilita que moitas persoas cheguen a vilas sen comunicacións con aeroportos ou convois de alta velocidade como Viveiro, polo

que temos que aproveitar a situación privilexiada coa que contamos para atraer a este tipo de viaxantas que consome en comercios, restaurantes, bares, supermercados, gasolineras e outros servizos”, din.

“Habilitar unha zona para autocaravanas require pouco investimento sendo o único necesario un grifo onde coller auga e un lugar onde baleirar as augas grises e negras e sería ben algunha toma eléctrica”, engaden.

## Un centenar de familias únense ao programa de compostaxe

Máis de 100 familias do municipio participan no programa de compostaxe #ViveiroSustentable, impulsado polo goberno local. No marco de dito proxecto, as Mestras Composteiras están visitando os fogares de Viveiro para aconsellar en materia de reciclaxe. Ademais, achéganse ás casas que aínda non teñen o seu composteiro para informar de que é posible solicitalo e recollelo no pavillón municipal.

Dende o goberno municipal agradé-

cese a implicación no proxecto deste centenar de familias, cuxo compromiso supón un gran empuxe para o medio ambiente. Ademais destes fogares, os centros educativos tamén están implicados no programa de compostaxe.

Así, o Concello anima á veciñanza a sumarse a esta iniciativa, seguindo o exemplo das máis de cen familias participantes, e a traballar arreo por defender o medio ambiente e loitar contra o cambio climático.

## Reiteran a solicitude de cesión do antigo colexio de Celeiro



Fachada do antigo colexio de Celeiro

O Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade a proposición non de lei a través da que se reitera ao Goberno de España a solicitude de cesión gratuíta do inmovible do antigo colexio de Celeiro en Viveiro para, previa rehabilitación, trasladar alí a Escola Oficial de Idiomas Luz Pozo Garza e, a súa vez, permitir o aproveitamento dos espazos que deixa baleiros este centro de idiomas para a ampliación das instalacións do colectivo social Aspanane, con destino a novos usos residenciais.

Segundo dixeron no Parlamento, o Goberno central “está a torpedear

a aspiración da veciñanza de Viveiro, e do conxunto da comarca, que xa hai máis de dous anos acollía con satisfacción e esperanza o triplo acordo ao que chegaron a Xunta, o Concello e a Deputación nun exemplo moi positivo de colaboración institucional”.

Este acordo, asinado no mes de marzo de 2019, “blindaba a continuidade da Escola Oficial de Idiomas de Viveiro, que contaría cunhas instalacións máis amplas e modernas; e Aspanane faría realidade o seu proxecto residencial para a atención de persoas con enfermidade mental”, concretou.

## O PP insta a pavimentar o aparcadoiro de Verxeles



Aparcadoiro de Verxeles

O PP de Viveiro insta a Loureiro a pavimentar debidamente e sen demora o aparcadoiro da zona de Verxeles, pois “o goberno municipal de Viveiro, presidido pola socialista María Loureiro, está desbordado, sen ideas e sen solucións para os problemas que afectan aos veciños”.

Así o sinala o portavoz do grupo municipal do PP, Óscar Rodríguez, á vista de como reaccionan a alcaldesa e o seu equipo fronte ás protestas dos veciños. Como non paraban de chover críticas veci-

ñais sobre o Concello polo pésimo estado do aparcadoiro da zona de Verxeles, a Loureiro non se lle ocorreu outra xenialidade que inundar este espazo de zorra, co cal, poucos días despois de executado o disparate, as cousas están tan mal ou peor que antes de que se materializara a luminosa idea do goberno local. No PP esixen “solucións xa, porque non é un problema de agora, vén de moi atrás e está máis que denunciado polos veciños e polo noso grupo político”.



# O Concello de Viveiro xa ten listas as bases das axudas ao comercio

O Concello anuncia que xa ten preparadas as bases da segunda liña de axudas ao comercio local, destinadas a paliar o impacto derivado da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no municipio.

Este 2º Plan de Reactivación Económica para os establecementos do tecido empresarial do municipio está incluído dentro do acordo da aprobación de Orzamentos para o exercicio 2021 do Concello de Viveiro.

Dito acordo fora acadado entre o equipo de goberno do PSdG-PSOE e os concelleiros do Grupo Municipal de Por Viveiro.

As axudas impulsadas polo goberno local dirixense a autónomos, microempresas, pequenas empresas, comunidades de bens, sociedades civís ou entidades económicas empresarias sen personalidade xurídica, radicadas no Concello de Viveiro (tendo tanto o domicilio fiscal como a propia actividade neste municipio).

As posibles beneficiarias deberían de ter unha baixada de facturación de, cando menos, o 50 % no exercicio 2020 respecto do exercicio 2019, ou, no caso de apertura



A alcaldesa de Viveiro

no primeiro trimestre de 2020, unha baixada de facturación de cando menos o 50% nos sucesivos trimestres de 2020 respecto ao primeiro.

O importe destas axudas será de 850 € para cada establecemento beneficiario ata a finalización do orzamento previsto. Non se poderán acoller a esta liña de axudas os establecementos que foron beneficiarios nas axudas concedidas en 2020 polo Concello de Viveiro nin o sector da hostalería, que xa conta cun plan específico, para o que o Concello de Viveiro se adheriu ao Plan de Rescate II da Xunta

de Galicia.

Tal e como se fixo coas axudas concedidas polo Concello de Viveiro no pasado ano, dende o goberno municipal remitirase o borrador das bases ás xestorías do municipio antes da súa publicación, para que poidan ter coñecemento do seu contido e ir recabando a documentación solicitada.

Nestes momentos, estase a realizar a tramitación necesaria para a súa aprobación, por parte da xunta de goberno local, en breve. Tras a súa aprobación, publicaranse e outorgarase un prazo para a presentación de solicitudes.

Lémbrese, como xa se indicou, que o Concello de Viveiro se adheriu ao segundo Plan de Rescate da Xunta de Galicia, no que se incluírá unha partida propia deste concello, para conceder unha axuda de 1.000 euros a cada local de hostelería beneficiado.

Ambas axudas, destinadas ao sector da hostalería e do comercio, inclúense no Plan de Reactivación Económica que o goberno local estableceu grazas ao acordo co grupo municipal Por Viveiro, cun importe total de 200.000 euros.

# Viveiro estuda a tramitación da declaración de Área Rexurbe



A conservación do patrimonio sempre foi un dos intereses prioritarios

A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, mantivo unha reunión, solicitada pola rexedora, co director do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), Heriberto García Porto. Na xuntanza, onde tamén estiveron presentes técnicos municipais e do IGVS, tratáronse os Plans de Rehabilitación que puidesen ser de interese para Viveiro.

Esta reunión súmase a outras iniciativas do goberno local para conservar o patrimonio, como a recente petición aos propietarios do casco histórico de realizar os traballos de mantemento correspondentes.

A reunión centrouse en determinar que tipo de condicionantes e requisitos farían falta para tramitar unha

Área Rexurbe para o conxunto histórico. Ademais, tamén se abordou a posibilidade de declarar Área de Rehabilitación á parte máis antiga e representativa de Celeiro.


Tendo en conta a información facilitada polos técnicos do IGVS, o Concello de Viveiro valorará a posibilidade de tramitar a declaración de Área Rexurbe para o Conxunto Histórico de Viveiro. En canto á Área de Rehabilitación para Celeiro, o goberno local iniciará o estudo para solicitar a súa declaración, o que posibilitaría a tramitación de axudas para a intervención en edificios de titularidade privada e realizar actuacións de urbanización e reurbanización.

# Alumnos crearon a súa propia Compostela do Camiño do Mar

A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, e o concelleiro de Educación, Emilio Villarmea, selaron a credencial realizada polo alumnado do EEI San Roque dentro do proxecto *Descubrinto o Camiño do Mar*.

O Concello traballa dende hai anos a prol da oficialización do Camiño do Mar, xa que considera que acadar a oficialidade é de vital importancia para toda a comarca, ao tratarse dun novo recurso turístico que redundaría positivamente no turismo e economía da zona.

A iniciativa usará a ruta como ferramenta de aprendizaxe sostible e ademais incluírá a cartelería ela-



borada polo alumnado do CEIP Lois Tobío.

As camiñadas prólonganse nas vindeiras 3 semanas, saíndo ao camiño os cursos de infantil e 1º e 2º de primaria de tódolos colexios do concello.

# Superada con éxito a campaña Únete ao reto

O Concello de Viveiro superou con éxito a súa participación na campaña *Únete ao Reto*, organizada por Ecoembes e a Xunta.

A iniciativa pretendía mellorar a reciclaxe no contedor amarelo e sensibilizar á cidadanía sobre a importancia de facelo correctamente. Tiña unha duración de tres meses, na que os concellos debían asumir o reto de mellorar a súa achega de envases lixeiros ao colector amarelo. Latas, briks e envases de plásticos eran o tipo de residuos que se debían depositar neste contedor.

O reto pretendía mellorar, cando menos, nun 10% a achega destes envases en comparación co



Participantes do reto organizado por Ecoembes

mesmo periodo do ano pasado. Viveiro conseguiu, como o ano pasado, e recibirá 2.000 euros

para destinar a unha causa social local da súa elección, neste caso Aspanane.



## Rematada a mellora na vía que une Ribadeo con Vilaselán

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e os deputados de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, e Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, comprobaron co alcalde de Ribadeo, Fernando Suárez, e diferentes membros da corporación municipal, os traballos de mellora na estrada LU-P-5202 que vén de realizar a institución provincial. Esta é unha vía que conecta o núcleo de Ribadeo con Alto dos Pinos (N-634) pola parroquia de Vilaselán, na zona da Lodeira, e que foi mellorada co investimento da Deputación de 47.000€. Concretamente, as obras consistiron

no acondicionamento da vía con aglomerado en quente, a dotación de beirarrúas e o repintado da sinalización horizontal e vertical. Estas obras fixéronse entre os puntos quilométricos 0 e 0,406. O presidente do ente provincial, José Tomé Roca, explicou que estas obras son moi importantes, pois permitirán aos veciños e veciñas de Vilaselán poder ir andando con total seguridade ao centro de Ribadeo.

Ao mesmo tempo, as melloras beneficiarán aos centos de usuarios que empregan a vía, pois trátase da estrada que comunica coa rotonda que dá acceso á autovía que une Galicia con Asturias.

## Abre o prazo de inscrición nas escolas deportivas de verán

Abriu o prazo de inscrición para as escolas deportivas de verán 2021. Ofértanse 90 prazas de catro disciplinas: pesca deportiva, piragüismo, surf e vela. Están destinadas a nenas e nenos nados entre os anos 2006 e 2013. A cota é de 40 euros.

Os nenos que estean interesados poden pedir información, de nove da mañá a dúas da tarde, na Casa da Xuventude e no número de teléfono 982 129 889.

O remate da matrícula será ata o inicio da escola ou o fin de prazas.

## Realizan obras de mellora no lavadoiro de Rinlo

A Concellaría de Obras está a realizar melloras no lavadoiro de Rinlo. Trátase dun elemento patrimonial que a día de hoxe segue sendo empregado pola veciñanza de Rinlo e no que, debido á acción do mar, a entrada se atopaba en mal estado e era complicado o acceso ao seu interior.

Demandouse habilitar unha entrada máis segura, para o cal estase a facer un murete de pedra para ampliar esa zona e colocar tamén unha varanda de madeira. “Todo isto tendo en conta que se trata dun elemento situado nun entorno natural, polo que todo o que se está a facer se fai co mínimo impacto para que quede o máis integrado neste espazo”, explican.

## Continúan as críticas polo estado das estradas e da praia dos Bloques

A vicevoceira do Grupo Municipal Popular, Elena Sierra, lamenta o estado de abandono no que se atopa a praia dos Bloques debido a que os traballos de poda e limpeza da praia dos Bloques continúan sen rematar. Nese sentido, urxe ao concelleiro responsable de medio ambiente a xestionar e coordinar os traballos de poda ata o seu remate porque “cando se realiza un traballo cremos conveniente facelo ben e non deixar as cousas a medias”.

A popular sinala que “o concelleiro

de medio ambiente anunciaba en xaneiro deste ano pódala dos restos vexetais da ladeira da praia dos Bloques por perigo de derrubes e desprendementos”; pero, “a día de hoxe, e dada por finalizada esta obra, se cabe o perigo é maior”; xa que os restos dos traballos de poda continúan presentes na zona e poden supoñer un perigo para os usuarios da praia. “Seguen sen recollese os restos de pódala que poden caer á praia e causar danos”, apunta.

Sierra tamén denuncia outra la-

## O Pleno aproba o Peprich para o casco vello de Ribadeo

No pleno ordinario foi aprobado o Peprich para o casco vello o que supón un fito histórico para o urbanismo de Ribadeo, ademais de que se abren novas posibilidades de construción en bolsas e espazos do conxunto histórico. Na sesión tamén se acordou solicitar ao Ministerio de Fomento a titularidade do alumeado das rotondas da Vilavella, Dompniñor e Vilaselán para volver iluminalas, xa que levan 10 anos vivindo en perpetua penumbra.

O alcalde, Fernando Suárez, explicou que “supón un novo fito histórico no urbanismo deste Concello. Pois por fin, logo de 10 anos de tramitación, logo de tres mandatos municipais, logo de ter recibido todos os informes favorables das diferentes administracións, Ribadeo, concretamente o casco vello de Ribadeo, xa ten o seu Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Conxunto Histórico, o comunmente denominado Peprich. Nos próximos días publicarase nas plataformas e nos boletíns oficiais pertinentes, pero xa podemos dicir que xa por fin haberá unhas normas claras, detalladas, pormenorizadas do que se pode facer e do que non se pode facer non casco vello de Ribadeo”.



Unha vista de Ribadeo

Suárez Barcia dixo que “ademais, ábrese a partir de agora unha serie de novas posibilidades de construción en bolsas e espazos do conxunto histórico que ata agora non estaba permitido. Evidentemente co cumprimento de todas as normas ambientais, paisaxísticas e de habitabilidade”.

A iluminación das rotondas de acceso a Ribadeo foi outro dos asuntos abordados: “tamén formulamos a petición do alumeado das rotondas da Vilavella, de Dompniñor e de Vilaselán ao Ministerio de Fomento. Actuamos deste xeito porque preferimos pagar nós a luz e que volva a haber luz (para garantir a seguridade especialmente dos peóns), que seguir como nos últi-

mos 10 anos de vivir en penumbra”. O alcalde engadiu: “demos conta tamén dos reparos formulados pola Intervención durante o ano 2020, véndose que seguimos no camiño de reducilos con respecto aos anos anteriores, explicando ademais as motivacións de porque o temos que facer. Confiamos que ao longo deste ano poidamos seguir licitando contratos que levan moitos anos sen renovar como o da telefonía, electricidade, etc. E logo no apartado de rogos e preguntas pois atendemos aquelas peticións que perseguen a mellora do noso concello e rexeitamos aquelas que ou ben son imposibles de conseguir ou ben son oportunistas, que destas aínda houbo algunha”.



Reunión de veciños dos barrios San Miguel, Justo Barreiros e A Torre

mentable situación que se está a dar no areal debido á rotura dunha tubería durante os traballos de poda que continúa tamén sen reparar ou substituír e, polo tanto, “segue vertendo as augas fecais directamente á praia”, crítica.

**BARRIOS.** O PP afirma que se está a dar un “suma e sigue no abandono das estradas municipais por parte do goberno do BNG de Ribadeo”, segundo advirte o seu voceiro, Daniel Vega. Por iso no vindeiro pleno da corporación municipal os populares presentarán un rogo solicitando investimento para o arranxo do

entornos dos barrios da Pega e de San Lázaro, concretamente das vías municipais rúa do Amalló, Alza San Lázaro, rúa da Pega e A Faxarda.

“Deste xeito, desde o Grupo Municipal Popular, despois de reunírnos hoxe cos veciños destes dous barrios, unímonos ás súas reivindicacións, as cales non veñen de agora senón xa de lexislatura pasadas e a resposta do goberno municipal foi e segue a ser nula”, declara Vega. Censura o desprezo do goberno local por certos barrios “xa que, tamén, os entornos do Grupo San Miguel, Justo Barreiros e barrio da Torre continúan totalmente abandonados”.

Maite López Rego  
Delegada

Avda. Álvaro Cunqueiro, 25 • F0Z (lugo)  
982 132 152 - 619 249 660 • lopemf@mapfre.com





## Jesús Calleja e Adamo farán promoción de Ribadeo nun vídeo

Jesús Calleja prometeu que se trasladaría ao que resultase gañador de El pueblo más amado, o concurso convocado por Adamo para lembrar e destacar as virtudes das formas de vida que se desenvolven no mundo rural.

En una apretada última fase, Ribadeo se alzou en marzo con el título honorífico de ser 'la población más querida' por delante de Cintruénigo (Navarra), El Puente del Arzobispo (Toledo), Maçanet de la Selva (Girona) y Ullastrell (Barcelona), finalistas de entre un total cercano a 1.200 poblaciones participantes. Nunha apertada última fase, Ribadeo alzouse en marzo co título honorífico de ser a poboación máis querida por diante de Cintruénigo (Navarra), El Puente del Arzobispo (Toledo), Maçanet da Selva (Xirona) e Ullastrell (Barcelona), finalistas de entre un total próximo a 1.200 poboacións participantes.

### O ALCALDE, GUÍA DE EXCEPCIÓN.

Así que dito e feito: o popular presentador achegouse ao mencionado concello lucense. Como é habitual nel, charlou con todas as que persoas que quixeron saudalo e tamén se fixo fotos con elas. Ademais, o montañista leonés realizou unha gravación para continuar coa campaña promocional posta en marcha por Adamo para poñer en valor a vida rural e dar a coñecer por que o citado gañador é o pobo máis amado do país. Para iso, Jesús Calleja percorreu varios dos lugares icónicos e belos de Ribadeo. "Da man, por certo, dun guía de luxo: o alcalde do municipio, Fernando Suárez".

### UNHA INICIATIVA INTELIXENTE.

O propio rexedor cualificou o certame como "unha iniciativa intelixente" e celebrou a visita de Jesús Quella colgando a seguinte men-

saxe nas súas redes sociais. "Foi un pracer estar con el para falarlle dos mil e un recunchos do noso concello. Como o bo sempre vai en pequenas cantidades, temos un pouco de todo, non estamos abarrotados e sempre hai algo interesante que facer ou que ver aquí. Esperemos un pouco máis para que a pandemia diminúa e podamos ensinar todo o noso potencial novamente. De Ribadeo para o mundo. Saúde".

### JESÚS CALLEJA EN RIBADEO.

Así mesmo, o montañeiro leonés visitou o establecemento distribuidor da compañía no concello, no que tivo oportunidade de departir co persoal da mesma, así como con David Llano, responsable de Adamo en Galicia e quen lembrou que a empresa proporciona sinal a 60.000 fogares de Lugo, entre outras poboacións, en Begonte,



Unha imaxe do vídeo de Jesús Calleja

Cervo, A Fonsagrada, Celeiro, Barreiros ou Foz.

Do mesmo xeito, o coñecido alpinista atopouse con Juan José Arnos, representante da candidatura de Ribadeo no Pueblo más amado e que animou ao voto nos pobos galegos ao longo do concurso.

Máis aló de ser a poboación máis querida, Ribadeo será tamén a mellor conectada a través do sinal da internet máis rápida que existe hoxe no mercado (1.000 Mbps), que Adamo xa proporciona en 700 municipios a través dos

seus 10.000 quilómetros de rede propia. En concreto, os veciños da localidade galega que sexan novos clientes poderán acceder a paquetes de fibra óptica por tan só 1 euro ao mes durante un trimestre, así como o Concello terá un ano gratis de conexión a Internet. Para facilitar ese despregamento, Adamo achegará 3.000 euros ao seu distribuidor oficial. Pero tamén os habitantes dos outros catro finalistas poden beneficiarse desta oferta especial, que permanecerá dispoñible para eles ata o próximo 31 de maio.

## Aberto o prazo para os cursos de formación dixital

O Concello ribadense, dentro do programa de transformación dixital Reinicia Ribadeo, abre o prazo para anotarse aos cursos de formación práctica en materia de transformación dixital.

Trátase dunha formación presencial e grupal práctica, que abarcará as seguintes áreas de transformación dixital: visibilidade e posicionamento na rede, comercio electrónico, fidelización de clientes e sistemas de planificación de recursos (ERPS).

A formación terá lugar na aula CEMIT de luns a xoves ao longo durante o mes de xuño. A duración de cada curso será de 2,5 horas.

A convocatoria está aberta ás persoas autónomas e micropemes asentadas en Ribadeo, con independencia da súa actividade e sen ningún custo económico.

## O Contencioso declara a obrigación de ter aberto o acceso a Illa Pancha

O colectivo ribadense Por Nuestro Faro vén de presentar un escrito no que asegura que o Concello está obrigado a tomar medidas eficaces para garantir aos veciños "o libre exercicio do seu dereito a facer uso dos terreos non concesionados da Illa Pancha".

Neste novo expediente, "que por certo obra en poder do Concello sen que o teña comunicado á opinión pública", aparece refectido que a lexislación vixente esixe que o vecindario teña acceso libre a un espazo público "e nós engadimos que o Concello de Ribadeo non fai nada para beneficio e aproveitamento privado".

Por Nuestro Faro refírese a un proceso xudicial, no que o grupo non tivo unha participación directa, no Xulgado nº 2 do Contencioso Administrativo de Lugo. "Entende-



Unha vista da Illa Pancha co acceso aberto

mos que o concello de Ribadeo ten a responsabilidade institucional e democrática de dar conta aos veciños desta información por tratarse dun asunto público de interese xeral. E non se trata de compensar senón de cumprir a lei".

Como explicaron con anteriorida-

de, o Concello de Ribadeo concedeu a licenza de actividade para os apartamentos turísticos da illa Pancha en 2017, despois de que a inspección técnica comprobouse que naquela data, ás dúas da tarde a porta de acceso á Illa Pancha estaba aberta "de par en par".

## Seguen as actividades para promover os auto coidados

A Concellaría de Igualdade prosigue realizando actividades para promover os auto coidados das mulleres despois dun ano tan duro e complexo.

Desde a vindeira semana ata finais de xuño haberá pilates e ximnasia de mantemento na praia dos Bloques en horarios de mañá e de tarde.

Os horarios son os seguintes: polas mañás de 10 a 11 haberá pilates e de 11 a 12 ximnasia de mantemento e polas tardes de 18:30 a 19:30 ximnasia de mantemento e de 19:30 a 20:30 haberá pilates.

As mulleres interesadas en asistir a estas actividades poden inscribirse chamando ao teléfono 982 120 739 ou ben escribindo un correo a [cim@ribadeo.org](mailto:cim@ribadeo.org) deixando os datos e número de teléfono para se poñan en contacto.

**MENÚ DIARIO**  
**MENÚS ESPECIALES**  
**PESCADOS**

**Los viernes y sábados**  
**Carnes y pescados a la parrilla**

Plaza Conde Fontao, 3 (Puerto) - Foz - Tel.: 982 140 433

ABIERTO TODOS LOS DÍAS



## Licitan novas obras do alumbeado público no centro histórico

O Concello de Mondoñedo licita as obras da segunda fase do proxecto de aforro e eficiencia enerxética do alumbeado público exterior do casco histórico. A adecuación prevista permitirá renovar 112 puntos de luz ao substituír as actuais luminarias por lámpadas LED máis eficientes nas rúas Rocha de Velez, dos Castros, Julia Pardo Montenegro, Alfonso VII, Pardo de Cela, Camiño Norte e na avenida As San Lucas. Tamén se substituirá o cadro de mando de Os Castros que subministra a estas rúas e se implementarán proteccións adaptadas á normativa vixente.

O goberno local destaca que “esta actuación continúa a favorecer o aforro na factura da luz ao implementar tecnoloxías máis eficientes”; xa que “o aforro enerxético estimado con esta actuación é dun 59%”. E, ao mesmo tempo que se diminúe o consumo de enerxía, redúcese a emisión de dióxido de carbono. Así mesmo, os membros do executivo local indican que “a mellora do alumbeado público nas rúas do casco his-

tórico mindoniense da cumprimento aos requirimentos de iluminación, calidade e confort visual”.

Mondoñedo capta fondos europeos O proxecto, que recolle un custe previsto de 121.890,60 euros, conta co apoio do Instituto para a Diversificación e Aforro de Enerxía (IDAE) que concedeu ao Concello de Mondoñedo unha axuda dun máximo de 97.512,48 euros no marco do Programa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo Feder de crecemento sostible 2014-2020.

O Concello volve captar, deste xeito, fondos procedentes do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, que xestiona o Ministerio de Transición Ecolóxica a través do IDAE. Xa lograra unha subvención do IDAE para a primeira fase do proxecto de mellora do alumbeado público no entorno da Catedral e do Seminario de Mondoñedo cuxas obras se comezaron a executar a comezos de marzo.

## A USC centrará na figura de Cunqueiro un curso de verán

Mondoñedo acollerá os vindeiros 25 e 26 de xuño un curso de verán da Universidade de Santiago de Compostela baixo o título de I Encontro Álvaro Cunqueiro. O camiño de quita e pon (1981-2021).

O curso, no que colabora tamén o Concello de Mondoñedo e a Casa-Museo Álvaro Cunqueiro, conta amais coa axuda do Vicerreitorado de Coordinación do Campus de Lugo.

Estes I Encontros Álvaro Cunqueiro terán lugar no Auditorio Pascual Veiga, onde se reunirán ao longo de dúas xornadas unha trintena dos mellores especialistas na figura do grande escritor mindoniense.

Estes encontros han analizar a actualidade e a vixencia do legado de Álvaro Cunqueiro, do que agora que se cumpren os corenta anos do pasamento, os trinta anos da celebración do Día das Letras Galegas a el dedicado e os cincuenta anos da



publicación de Xente de aquí e de acolá, entre outras efemérides.

A poesía, a narrativa, o teatro, a literatura xornalística en lingua galega, amais da obra en castelán e a súa relación con outros escritores han ser algún dos aspectos abordados nestes encontros, que contan con

homologación oficial para as persoas asistentes ás que se lles certificarán dezaseis horas de formación, equivalentes a un crédito universitario.

Amais dunha conferencia inaugural e outra de clausura, estas xornadas contarán con diversos relatorios, mesas redondas, presentacións de obras, roteiros literarios e visitas guiadas.

Entre os relatores do curso cóntanse profesores de diversas universidades e centros de investigación galegos, ademais de membros de fundacións, críticos literarios, xornalistas e escritores.

O prazo de matrícula dos I Encontros Álvaro Cunqueiro comezou o pasado 10 de maio e estará aberto ata o 11 de xuño. As persoas interesadas en anotarse poderán facelo na páxina oficial do Cursos de Verán da Universidade de Santiago de Compostela.

## Mondoñedo acolle o espectáculo ‘A aldea das mulleres’



O auditorio Pascual Veiga de Mondoñedo acolle o venres 11 de xuño ás 20.00 horas o novo espectáculo de Carmen Conde, *A aldea das mulleres*.

Esta obra está dirixida a un público xuvenil e adulto e a entrada é de balde pero haberá que reservar a entrada na oficina de turismo.

Mentres ela vai debagando historias, con ese poder simbólico que ten “buscarse os feixóns”, constrúe a aldea das mulleres con relatos das habitantes, que rexen o seu destino, teñen as súas leis, viven emancipadas e tallan en pedra ornamentada os seus nomes para a Historia. E, como fío condutor, unha legume chea de supersticións, maldita, cargada de ánimas, empregada para a xustiza, como afrodisíaco e como o único para roer en tempos da fame.

Fabas e mulleres nunha sesión-aldea que acubilla liberdades, rompe silencios e achega ao público historias apañadas da horta da realidade.



## Comeza o proceso para reformar o acceso ao Miradoiro da vila

O Concello de Mondoñedo avanza na posta en práctica da estratexia que se marcou de mellora de accesos, suprimindo tapóns e estreitamentos. Nesta liña, o goberno municipal mindoniense iniciou contactos con propietarios dos terreos necesarios para reformar o acceso ao Mirador. O custo total, entre a adquisición dos terreos e as obras, será de aproximadamente 100.000 euros.

A execución da intervención prevista, que é posible grazas a que está aprobado o PXOM (2016), repercutirá positivamente nos veciños de Carroceira e Curuxei-

ras, que usan a citada vía como acceso aos seus barrios dende Campo dos Paxariños. Ademais de gañar en comodidade, a reforma prevista suporá máis seguridade vial neste tramo.

As obras de mellora no acceso ao Mirador financiaranse con cargo ao convenio establecido co Deputación, negociado durante o anterior mandato.

En función da estratexia trazada polo goberno municipal para a mellora de accesos, xa se levaron a cabo outras intervencións e algunhas están en marcha: Fondo, Coto de Otero, Regueira.

## Chegan as XIV Xornadas Abrindo Camiño

A cidade de Mondoñedo acolle os sábado 12 e 19 de xuño e o sábado 3 e domingo 4 de xullo a XIV edición das Xornadas do Peregrino Abrindo Camiño que, nesta ocasión, percorrerá o parque da Lembranza, o cemiterio vello, o museo da imprenta, a Catedral, a casa dos cóengos e o centro cultural A Casa da xente da Alcántara, entre outros.

Os actos comezarán o sábado 12 de xuño ás 18.00 horas no parque da Lembranza descubriendo unha placa conmemorativa como homenaxe á emigración. Acto seguido será a ofrenda floral a Manuel Leiras Pulpeiro, Pascual Veiga e Álvaro Cunqueiro. Máis tarde plantarase un teixo conmemorando a festa da árbore, que estará amenizado coa asociación O Pasatempo e o grupo tradicional Gaita Escola.

O mesmo día ás 19.30 horas no auditorio Pascual Veiga será o acto de inauguración destas xornadas que contarán coa actuación musical de Lino Rico e Grupo e cunha charla coloquio sobre a Lembranza da Emigración en América.

O sábado 19 na Catedral será a homenaxe ao bispo Juan Antonio Muñoz y Salcedo e despois haberá unha charla sobre Lembranza da historia de Mondoñedo. Ás 20.00 horas na praza do Concello haberá un concer-



to do pianista Juan Rezzuto e do barítono Leopoldo Rojas O'Donell.

O sábado 3 de xullo ás 18.30 horas no auditorio poderase desfrutar da charla *A cidade dos museos*.

O último día, o domingo 4 de xullo, ás 10.00 horas dende o centro cultural A Casa da xente da Alcántara sairá un roteiro turístico guiado.

Ás 13.00 horas será o roteiro Leiras Pulpeiro que visitará a Pena do Unto e a fonte medicinal do Coto da Recadeira, acto seguido na capela de San Ramón da Ferrería de Viloalle haberá un acto relixioso.

Xa pola tarde será o xantar de confraternidade, o torneo da chave por parellas e a inauguración ao centro de interpretación da Antiga Fábrica Electrecista Mindoniense.



# Remata o proxecto de reforma da praza tralo consenso veciñal

O Concello enviou xa o proxecto de reforma da praza da Catedral modificado, unha vez acadado o consenso cos distintos actores sociais, ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana que tiña confirmada unha aportación de 194.054 euros a cargo do 1% cultural.

O documento final recolle a proposta de execución daquelas actuacións que espertan unha aceptación unánime; mentres que aquelas que non a teñen foron adaptadas ou rexeitadas. Nese sentido, o equipo de goberno mindoniense agradece as

aportacións para esta iniciativa de transcendencia na vida cultural e económica de Mondoñedo, que suporá unha considerable mellora na imaxe dunha das prazas máis emblemáticas de Mondoñedo.

O goberno da cidade, que mantivo reunións con todas as persoas interesadas e con aqueles que presentaron suxestións durante o prazo establecido polo Concello, fíxolles tamén entrega dunha copia do proxecto modificado.

Os dirixentes municipais poñen tamén en valor que “este proxecto permite tamén adaptarse á nova realidade da cidade derivada da

aprobación do Plan Rexurbe, instrumento para a rexeneración e rehabilitación de Mondoñedo non só dende o punto de vista arquitectónico, senón tamén ambiental, económico, social e cultural”.

**IMPACTO ECONÓMICO.** O Concello dirixirá a este proxecto 64.684 euros, cantidade coa que se completa o orzamento dos traballos que se levarán a cabo “nun momento sensible derivado da crise sanitaria e tamén económica” e que suporán “un gran impacto económico positivo”, segundo teñen en conta dende o goberno local.



O festival difunde as grandes xoias do repertorio camerístico

## A terceira edición do festival MindoMúsica será entre xuño e xullo

O festival MindoMúsica 2021, que chega este ano a súa terceira edición, celebrarase do sábado 26 de xuño ao domingo 4 de xullo en diferentes parroquias do Concello de Mondoñedo, na Casa dos Coengos, na Catedral, no Auditorio Municipal Pascual Veiga e no Centro Cultural da Alcántara.

Este festival de música de cámara e iniciativa de la violinista mindoniense Rebeca Maseda informou da programación deste ano que contará coas pertinentes medidas de seguridade sanitarias e ademais de que todos os eventos serán de entrada libre, previa reserva de invitación na oficina de turismo de Mondoñedo.

O sábado 26 de xuño en diferentes parroquias mindonienses farase o Parroquias Tour, un mini-concerto e un encontro coa veciñanza. Dúo de violín e cello cunha sonatina para violoncello e violín de J.Pacheco.

O día 1 de xullo ás 20:30 horas na Casa dos Coengos será o faladoiro sobre o Arquivo de Música da Catedral de Mondoñedo a cargo de C.Villanueva, musicólogo e catedrático da USC, e J.Trillo, compositor e profesor no CSMV.

O venres 2 ás 20:30 horas na Catedral poderase desfrutar das obras relacionadas co Arquivo de Música da Catedral como Motetes de J.Pacheco, Cuarteto en Re M, op.71, n.2 de J.Haydn e Cuarteto de Almeida. O sábado 3 ás 20:30 horas no Auditorio Municipal Pascual Veiga será o concerto de música de cámara con obras de J.Brahms e R.Schumann. Xa o domingo día 4 poderase desfrutar do concerto de música de cámara con obras de O.Messiaen e J.Brahms no Centro Cultural da Alcántara.

Algúns dos artistas que participarán neste festival son Antonio Viñuales (violín), Rebeca Maseda (violín), Miguel Ángel Rodríguez (viola), Iván Siso, Miquel Ramos (clarinete), e Rosalía Gómez (piano). MindoMúsica nace cuns obxectivos moi claros e diferenciados que dan conta da súa excepcionalidade como a difusión das grandes xoias do repertorio camerístico nun festival de características únicas en Galicia, sendo un referente musical e cultural dentro de España.

# Veciños dos Muíños e o PSOE piden que se adecenten os canais

A asociación de veciños do Barrio dos Muíños uniu forzas para solicitar a Augas de Galicia as autorizacións de cara ao arranxo dos canais no barrio.

“Precisamos permitir que a auga volva aos canais para corrixir o seu aspecto actual”, dixeron. O Concello enviou un proxecto que permitiría un arranxo definitivo.

A asociación recolle sinaturas para arroupar a petición do Concello e para demostrar a singularidade dun recurso vital como reclamo turístico e como símbolo identitario de Os Muíños, a pequena Venecia.

Pola súa banda os socialistas de Mondoñedo tamén criticaron que o río Valiñadares ao seu paso polo barrio leva sen auga desde xaneiro.



Dúas imaxes do estado actual dos canais

Así, Esperanza González Martín, a voceira do PSOE mindoniense, dixo “o problema está arriba na presa desde que chovera tanto no inverno, pero non é fácil de solucionar din desde o Concello”.

Xa en febreiro do 2020 a voceira socialista presentará un rogo

parecido no que demandaba ao Concello que realizara as xestións oportunas para adecentar o río, pois levaba moito tempo sen auga pola rotura doutra presa pola que transcorre o seu caudal, e que afecta directamente aos canais do río.

f

TE REGALAMOS

hasta **300€**

POR TU VIEJO COLCHÓN

desde

**MARTES**

**18 DE MAYO**

**RIBADEO**  
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6 - Tel.: 636 761 883

**BARREIROS**  
Pol. Industrial Cruz do Lobo, Nave 10  
Tels.: 982 585 709 / 652 110 377

**BURELA**  
C/ Curros Enríquez, 12 - Tel.: 660 402 954





**VISITA A MORÁS.** O alumnado do IES Illa de Sarón visitou a Área Etnográfica de Morás, onde escoitaron con atención a orientación de Manuel Díaz, veciño de Morás e encargado da factoría baleeira durante os doce anos que estivo activa.

## O Concello convoca varias prazas de consolidación de emprego

O Concello ten aberta a convocatoria para cubrir varias prazas, unha de limpadora, unha de educadora infantil, un auxiliar servizos sociais, un oficial de mantemento e un monitor de ximnasia. O prazo para presentar as solicitudes remata o 7 de xuño e o sistema de selección será mediante de concurso-oposición.

Así, publicou as bases reguladoras para os postos nos que como requisitos específicos ter o grado en ESO ou

equivalente e ter coñecemento da lingua galega e poder aportar o CELGA 2 ou o equivalente debidamente homologado. Ademais, dos propios de cada praza como ser técnico en coidados auxiliares de enfermería ou a Diplomatura ou Grao en Maxisterio, Educación Infantil ou similar.

As persoas interesadas poderán participar no proceso selectivo mediante unha solicitude na Sede Electrónica ou de xeito presencial no Rexistro.

## Chega a Xove unha exposición sobre Dereitos Humanos en Mozambique

Coincidindo co Día de África, vén de instalarse na Praza do Concello a exposición *Dereitos Humanos en Mozambique: acompañando a mellora da saúde e a educación desde a cooperación municipalista*, promovida polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, entidade da que é socio o Concello de Xove. A mostra ofrecerá ata o 27 de xuño unha panorámica dos proxectos de desenvolvemento apoiados no país lusófono, canda intres da vida cotiá, a través das fotografías realizadas polo reporteiro Adrián Irago, que viaxou á zona como gañador do certame Imaxes con Fondo III.

A exposición, que se estreou polo 70º aniversario da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, estrutúrase en cinco cubos que nos achegan á realidade mozambicana, comezando polas iniciativas de loita contra a pobreza cofinanciadas desde o ano 2001 en materia de educación, saúde ou abastecemento de auga. O Fondo Galego ten impulsado no país africano unha decena de proxectos, que supuxeron uns 340.000 euros de investimento e que na súa maioría



Imaxe da mostra na praza do Concello de Xove

se levaron a cabo coa Casa do Gaiato e a súa "irmá" a Fundação Encontro como parceiros locais, pero tamén coa colaboración de ONGD galegas, da Asociación Nacional de Municipios de Mozambique (ANAMM) ou do Programa das Nacións Unidas para o desenvolvemento (PNUD). Nos últimos tempos, executouse canda a Fundação Encontro unha intervención co deporte como ferramenta para previr doenzas e adicións entre a mocidade. Tamén se traballou directamente co municipio

de Nhamayábue para a construción de pequenos sistemas de abastecemento de auga. Adrián Irago visitou estes e outros proxectos anteriores, coma o realizado con Ecos do Sur para reparar un centro educativo na contorna de Maputo ou o impulsado canda Arquitectura sen Fronteiras para mellorar as condicións sanitarias na provincia de Inhambane. O seu obxectivo recolleu ademais actividades económicas, aspectos culturais, momentos de lecer, espazos naturais, etc.

## Inician as reunións sobre reciclaxe polas parroquias

O Concello de Alfoz comezará o venres 18 de xuño as reunións por cada unha das parroquias con toda a veciñanza cuxo tema principal será promover a conciencia ecolóxica para a redución, correcta separación e reciclado de residuos e programas de compostaxe.

Ademais servirá de punto de encontro no que tratar calquera outras cuestións cos asistentes. Estas reunións comezarán na Escola de Bacoí ás 20.00 horas e continuarán o seguinte venres, no mesmo horario, en Carballido, no Centro Social.

Estas charlas forman parte dunha campaña que se está levando a cabo en toda Galicia para incentivar a reciclaxe.

## Comezan as obras da nave para maquinaria municipal

O alcalde de Alfoz, Jorge Val, informou do comezo das obras de construción dunha nave que servirá para almacenar maquinaria municipal. A Deputación fixo unha achega de 115.300 euros para estas instalacións, que se levantarán na Granda de San Pedro, xunto á piscina municipal e o colexio. E o Concello aportará 4.435 euros.

"Esta nave é moi necesaria porque agora mesmo a maquinaria municipal estase gardando ó aire libre, o que, ademais de expoñela a roubos, que xa se teñen producido, acelera o seu deterioro e provoca avarías que, de estar resgardada, non se producirían", explicou o alcalde.



Localización da futura nave

Construirase unha nave de 350 m<sup>2</sup>, completamente diáfana que dará cabida a dous tractores desbrozadores, unha motobomba, unha pala mixta, un camión grúa pequeno e un vehículo todoterreo.



As tarefas mellorarán as instalacións

## O Concello está a piques de finalizar as melloras na piscina

O Concello de Alfoz está a rematar as obras de renovación e mellora na piscina municipal que se abrirá durante os meses de xullo e agosto.

Estas tarefas consisten na substitución de baixantes, pintar todas as intalacións, reparar as portas, fontanería varia e pintar o vaso grande. Dende a casa consistorial lembran que o uso da mesma é totalmente gratuito, sendo un servizo fundamental durante o verán contando con dous vasos, un deles infantil, e unha ampla zona verde de lecer, servizo de socorrista, etc.

**LUDIVERÁN.** O Concello de Alfoz prepara como todos os anos Ludiverán-Xogando en Igualdade, un programa dirixido a nenos nados entre 2017 e 2009 para desfrutar nas mañás dos meses de xullo e agosto. Este programa conta con diferentes propostas: xogos, deporte, obradoiros creativos, de ciencia, de lectura, etc. A presentación farase o venres 11 de xuño no salón de actos da Casa da Cultura para informar sobre o funcionamento, horarios, contidos, etc. O período de inscrición abrirase a partir do luns 14 de xuño.

**GRATUITO VENAN CONCELLO!** **A CASA DE TIN. MUSEO DA RADIO E COLECCIÓN ETNOGRÁFICA**  
Santa Mariña 14, San Pedro de Mor, Alfoz  
"Xunto ao campo de fútbol"  
Horario de 10:00 a 13:00 h. e de 16:00 a 19:00 h.  
Uso obrigatorio da máscara



## Acometerán a humanización da rúa Cotarelo cunha subvención

O Concello habilitará un modificativo de crédito de 44.040 euros, con cargo ao remanente de tesouraría municipal, para facer fronte á achega municipal destinada a financiar dúas obras e para levar a cabo varias actuacións na rede viaria.

O Concello conseguiu recentemente unha subvención da Xunta de Galicia para a renovación e humanización da rúa Cotarelo, unha das principais arterias do municipio. O goberno galego aporta 67.760 euros e ao concello lle corresponden 59.240 euros (dos que 29.040 euros procederán deste modificativo).

Por outra parte, Trabada conseguiu outra axuda para o acondicionamento e mellora dos accesos a Vilapercede, A Cabana, A Portela e A Veiga dende a estrada LU-P-6102. A Xunta aporta 43.591 euros e o concello 11.080,45 euros (2.000 euros serán do modificativo).

Asimesmo, o concello habilita un crédito de 13.000 euros para dife-



Vista da rúa Cotarelo

rentes tarefas de mantemento na rede viaria municipal. Serán traballos no pavimento e o firme de varios camiños moi deteriorados polas numerosas chuvias dos meses de xaneiro e febreiro.

“Temos unhas contas municipais saneadas e grazas á boa xestión económica podemos habilitar este modificativo, con cargo aos fondos propios para proxectos que mello-

rarán a vida diaria dos nosos veciños e veciñas”, explica a alcaldesa.

“Os dous proxectos para os que recibimos unha subvención da Xunta estaban previstos no orzamento municipal, porque o goberno municipal actúa con planificación, se ben o concello ten que facer un esforzo inversor maior con cargo aos fondos propios, de aí que teñamos que xerar máis crédito”, engade.



## Aprobadas as novas rebaixas fiscais para o sector agrogandeiro

O goberno municipal do Concello de Trabada aprobou no Pleno as novas rebaixas fiscais para axudar ao sector agrogandeiro.

“Falamos dun sector estratéxico e prioritario para Trabada, non só en termos económicos se non tamén polos empregos que xera, e por suposto compartimos as súas inquedanzas sobre o futuro, polo que dentro das nosas competencias temos que facer todo o posible para axudar ás explotacións”, asegura Mayra García, alcaldesa de Trabada.

En concreto, o pleno aprobou de maneira inicial unha modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Trabada, co obxectivo de “establecer unha bonificación do 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que afecten ou se refiren a explotacións gandeiras ou agrícolas e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por

concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. Esta declaración corresponderá ao Pleno da Corporación, logo de solicitude do suxeito pasivo”.

“Sabemos que esta medida repercute directamente nas arcas municipais, pois deixamos de recaudar o importe bonificado, pero tamén somos conscientes da importancia desta medida para os nosos veciños, e os que temos responsabilidades de goberno temos a obriga de adoptar medidas que contribúan a mellorar a calidade de vida nos nosos concellos”, engade a alcaldesa.

Despois do pleno, someterase a información pública a citada modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Instalacións, Construcións e Obras do Concello de Trabada durante trinta días hábiles, a efectos de reclamacións e suxestións, antes da aprobación definitiva.

## Aberta a inscrición aos campamentos

O Concello de Trabada abre ata o 11 de xuño o prazo de inscrición nos seus Campamentos Urbanos de Verán 2021, co obxectivo prioritario de axudar ás familias a conciliar a vida persoal e laboral.

O concello inclúe estes campamentos dentro das medidas sociais dirixidas a consolidar nova poboación no municipio, establecendo unhas bases que dan preferencia a determinadas necesidades familiares.

“Cunha clara intención de protección social, daremos prioridade ás familias monoparentais, numerosas e ás familias nas que os dous proxenitores traballen, dándolles un servizo de atención e coidado aos menores coa finalidade de compatibilizar o período non lectivo coa xornada laboral”, explica a alcaldesa de Trabada, Mayra García.

A preinscrición será preferiblemente telemática e o número máximo de

participantes é de 25, dando preferencia tamén aos empadroados no Concello de Trabada. Os campamentos cumpriran e aplicaran todos os protocolos covid-19.

O servizo prestarase dende a última semana de xuño ata a primeira semana de setembro, con actividades de ocio e ocupación do tempo de lecer baseadas nos principios da educación non formal, en horario de 10.00 a 14.00 horas.

## A CHC actúa no río Eo

A Confederación Hidrográfica do Cantábrico finalizou os traballos de acondicionamento, conservación e mellora do leito do río Eo e dun arroio innominado na contorna de Vilarbetote.

A actuación no río Eo tivo por obxecto a roza e a retirada de restos vexetais depositados no leito que formaban tapóns que impedían o correcto discorrer das augas. Tamén se desenvolveu unha actuación preventiva mediante a talla e extracción de numerosas árbores secas con posibilidade de caer no leito e producir futuras obstrucións. No arroio innomina-

do retiráronse e xestionado os residuos dunha entulleira incontrolada que se atopaban ocupando o dominio público.

Estes traballos, cun orzamento aproximado de 27.000 euros, realizáronse a través da empresa pública Tragsa dentro do Programa de mantemento e conservación de leitos que desenvolve CHCantábrico nos ríos cantábricos da provincia de Lugo.

No ano 2020 o investimento realizado en traballos de conservación e mantemento de leitos en Lugo foi de 248.689 euros, repartida en 17 actuacións en 9 municipios.

**Chegou a hora...**  
... a hora do

# ARNAO VERMUT

**O NOSO VERMUT**

Produto de

**CASTILLO SAN DAMIAN**  
Discosta Norte S.L.

Dompiñor, 12. 27715 Ribadeo  
982 128 900  
[www.discosta.com](http://www.discosta.com)



## a pontenova

## Rematado o paseo entre os ríos Eo e Turia na Pontenova

O Concello da Pontenova rematou as obras de mellora da contorna natural do termo municipal, concretamente están actuando na área natural comprendida entre os ríos Eo e Turia, onde se está a facer unha zona de paseo e lecer para desfrute dos veciños.

Colocouse pedra para o paseo, que ten un ancho de 1,50 metros, e limpouse a zona para colocar tres mesas de canteiría para que se podan facer reunións ao aire libre, en canto a situación sanitaria o permita.



Estado do paseo

Este proxecto, con cargo a Red Natura, conta cun orzamento de 24.000 euros.

## Zabaleta presenta na casa da cultura o seu novo libro

A casa da cultura da Pontenova acollerá o sábado día 12 de xuño ás 21.00 horas no salón de actos a presentación do libro *A(través)ando Galicia*, de Fran Zabaleta.

Zabaleta é un apaixonado pola historia, a literatura e as viaxes, pasou a vida escribindo e contemplando o mundo a través dos libros, ata que se deu conta de que a verdadeira aventura está no camiño, xusto detrás do seguinte cruzamento. Agora viaxo e escribo sobre o que vivo.



## O alcalde repartiu máscaras ao alumnado do Enrique Muruais



O alcalde, entregando as máscaras no instituto

O alcalde da Pontenova, Darío Campos Conde, entregou ás representantes da anpa IES Enrique Muruais, 2.000 máscaras para que ser repartidas entre os máis de 100 alumnos e alumnas deste centro educativo. Campos Conde explicou que “a través desta nova entrega de material queremos seguir contribuíndo en dotar ás familias da Pontenova de máscaras, como tamén fixemos nou-

tros centros, para alivialas na medida do posible nun sobrecusto económico nas súas cargas familiares”. O alcalde tamén enviou unha mensaxe a toda a veciñanza. “Temos que seguir cumprindo as normas sanitarias, e seguir tomando precaucións. A normalidade parece que esta cerca, pero mentres temos que seguir protexéndonos e coidándonos”.

## Cervo ampliará o Museo do Mar

O Concello de Cervo dá novos pasos para adquirir os terreos contiguos ao Museo do Mar de San Cibrao, para poder ampliar as instalacións, que xestiona a Deputación Provincial de Lugo desde que lle fora cedido no ano 2003, cando pasou a integrarse na rede museolóxica dependente deste organismo.

Tal e como explicou a edil de Patrimonio, Dolores García Caramés, logo de recibir todos os informes pertinentes favorables, “aprobarémos provisionalmente a Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento, comprometendo financiamento municipal para a adquisición desa finca anexa. Neste senso, a edil lamenta a falta de sensibilidade do organismo provincial á hora de poñer en valor “ese legado patrimonial que agocha o Museo do Mar de San Cibrao, que atesoura o corazón da historia mariñeira da comarca, e nomeadamente do noso Concello que é, ademais, o museo público do Mar máis antigo de Galicia”.

Non nos podemos seguir permitindo -engade- que gran parte desa riqueza permaneza velada nun caixón sen ver a luz, “por iso tomamos a iniciativa entendendo que toda esta riqueza merece un espazo axeitado acorde á súa inmensa valía”.

Caramés apuntou que é de recibo que todas esas doazóns, esa documentación gráfica, eses fondos etnográficos e de fauna mariña, esa



Recreación da ampliación do Museo do Mar

serie de cartas náuticas...e en definitiva “esa colección de incalculable valor que reflicte a riqueza biolóxica e etnográfica da nosa costa ocupen o lugar que merecen como testemuña da memoria do pobo mariñeiro” para poder narrar tamén ese pasado ás novas xeracións.

Caramés recordou que xa no pleno municipal do 26 de setembro de 2007 a corporación cervense acordou por unanimidade (cos votos a favor do PP, do BNG e do PSOE) que a Deputación Provincial de Lugo asumise os custos do proceso de ampliación do Museo do Mar de San Cibrao; e á vista está que a institución nunca chegou a asumir esa responsabilidade e ese compromiso.

Con estes novos pasos que damos seguimos nese obxectivo de dignificar toda esa herdanza mariñeira que

merece ocupar un lugar privilexiado para a súa divulgación, “tamén por respecto aos nosos antepasados e a toda esa xente que contribuíu a engrandecer o fondo documental e histórico do Museo”.

Nestes terreos que se propoñen para o aumento do Museo establécese a ordenanza Residencial mixta -espazo, en ordenación mixta, destinado xeralmente á vivenda e usos complementarios-; mentres que no Museo establécese a ordenanza Dotacional -propia de espazos en ordenación aberta, destinados a usos dotacionais ou servizos de interese público tales como escolar, deportivo, recreativo, relixioso, sanitario, asistencia...-.

Este cambio nas condicións urbanísticas permitirá pois o uso dotacional da superficie que é de 2.568 m<sup>2</sup>.

## Un ano máis o Concello súmase ao proxecto 1m2 contra a basuraleza

Un ano máis o Concello de Cervo, a través da delegación de Medio Ambiente, súmase ao Proxecto Libera, de SEO/BirdLife en alianza con Ecoembes, participando na campaña de ciencia cidadá 1m2 contra a basuraleza.

Neste 2021, celébrase o quinto aniversario do Proxecto, que, a través da mobilización cidadá, regresará aos espazos naturais para retirar todos aqueles refugallo que nunca deberon chegar aí.

Esta actividades será o sábado 12 de xuño na praia de Rueta ás 12.00 horas e farase unha limpeza da praia e da contorna do río Xunco ao mesmo tempo que se recollerán datos sobre o tipo e a cantidade de lixo presente nestes espazos naturais.

Subministrárase no punto de encontro todo o material necesario



para levar a cabo a actividade e seguiranse rigorosamente todas as medidas de prevención fronte a COVID-19

Para participar é necesario anotarse no correo medioambiente@concellodecervo.com ou chamando ao 615 521 390.

## Xa está aberto o prazo de solicitudes para a Escola Infantil local

O Concello de Cervo ten aberto o prazo para a presentación de solicitudes de renovación de praza e de novo ingreso para o curso 2021-2022 da Escola Infantil Municipal, que conta con 53 prazas. As familias teñen ata o vindeiro 18 de xuño para formalizar a súa inscrición no Rexistro Xeral do Concello de Cervo.

A Escola Infantil Municipal de Cervo sitúase na planta baixa da Casa do Mar de San Cibrao na cal podemos atopar tamén diferentes dependencias que son empregadas para diferentes actividades de carácter social así como ao uso das asociacións veciñais.

Outros servizos que oferta o centro son o servizo de cociña e o servizo de horario amplo.

As solicitudes para a escola infantil son, ao igual que no resto, por curso escolar, polo que comezarían no mes de setembro.



## As Escolas Vellas de San Román pasan a ter a función de centro cultural

O Concello de Cervo acondicionou unha parte das Escolas Vellas de San Román para destinalas a lugar de ensaio das diferentes agrupación locais. O primeiro grupo que utilizará as instalacións, que están dispoñibles para todos os colectivos locais que as soliciten, será a asociación de recente creación Fol de Raxal, cuxos membros xa teñen á súa disposición a chave dun dos locais habilitados para ensaio dos colectivos culturais cervenses que o desexen.

O rexedor, Alfonso Villares, a edil de Cultura, Dolores García Caramés, e a de Servizos Sociais, Pilar Armada, achégaronse ata as Escolas Vellas para amosarlles as instalacións e cederlles o local ao tempo que aproveitaron para darlles os parabéns polo nacemento de Fol do Raxal – cuxo nome responde a unha homenaxe ao barrio cervense no que comezaron a reunirse- e amosáronlles o agradecemento no nome do Concello pola súa contribución ao enriquecemento cultural de Cervo; “es-

tamos desexando poder escoitarvos nalgunha das habituais foliadas que se celebran no municipio que estamos convencidos de que máis cedo que tarde se poderán ir retomando grazas á responsabilidade e ao esforzo conxunto”, apuntaron.

Co acondicionamento das Escolas Vellas de Cervo–explicaron- acadamos un dobre obxectivo “brindarlle aos diferentes colectivos un espazo adecuado para o desenvolvemento da súa actividade; ao tempo que lle damos unha nova vida a este edificio municipal”.

A adecuación da vella escola de San Román -inaugurada no ano 1915- vai en consonancia coa filosofía que persegue este equipo de goberno, “pois buscamos, na medida do posible, que os diferentes espazos municipais teñan a súa utilidade, poñéndoos, ao servizo da veciñanza; ben de persoas emprendedoras como no caso dos locais habilitados en Sargadelos; ben ao servizo de diferentes colectivos”.

## Volve ‘Cervo a carón do voluntariado’



O obxectivo é comprometer aos mozos coa sociedade

O Concello de Cervo, a través da Delegación de Educación que dirixe Dolores García Caramés, vén de convocar o programa *Cervo a carón do voluntariado IV*, dirixido á mocidade de entre 16 e 30 anos. O obxectivo xeral do proxecto de voluntariado xuvenil é poñer en práctica a implicación solidaria e o compromiso activo da comunidade moza coa sociedade a través do desenvolvemento cultural e social. Ábrese a convocatoria para todos aqueles mozos e mozas que queiran participar como voluntarios/

as nas diferentes actividades previstas durante todo o verán. As persoas interesadas poden recibir máis información no teléfono 691 65 66 00 e deben presentar a súa solicitude na Casa da Cultura. O proxecto de Acción Voluntaria abrangue desde este mesmo mes de maio (cando se desenvolverán diferentes actividades medioambientais) ata o 1 de Outubro, de xeito que cada voluntario ou voluntaria colaborará nas iniciativas propostas un máximo de 60 xornadas e 6 horas en cada unha.

## O ximnasio municipal ofrece un novo servizo de asesoramento

O Concello de Cervo, a través da delegación de Deportes, vén de poñer en marcha un novo servizo dirixido ás persoas usuarias da instalación da piscina municipal, incluído xa na cota mensual ou nos bonos diarios.

Tal e como explicou o edil de Deportes, David Rodríguez, durante a súa visita á piscina na que estivo acompañado por persoal da instalación, “trátase dun servizo de asesoramento persoal que inclúe sesións dirixidas por unha adestradora profesional que axudará ás persoas que o desexen a manter e/ou conseguir ou bo estado físico a través de diferentes exercicios”.

Para este fin, apunta Rodríguez, “adecuamos unha sala na piscina e reforzamos o material existente coa adquisición de mancuernas, aros e pelotas de pilates, balóns medicinais ou cintas de TRX; entre outros equipamentos”. As clases xa se empezaron a impartir de xeito experimental e están a ter moi boa acollida.

Ademais, a piscina municipal tamén ofrece servizo de asesoramento para realizar un uso correcto das distintas máquinas do ximnasio.

## A DEPUTACIÓN INVISTE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS



DEPUTACIÓN DE LUGO



### Renovación da estrada LU-P-5506 (vía que une Augaxosa con Trabada, a través dos Concellos de A Pontenova e Lourenzá)

A DEPUTACIÓN DE LUGO  
DÁ RESPONSA A UNHA DEMANDA HISTÓRICA  
DA VECIÑANZA MELLORANDO AS COMUNICACIÓNS  
ENTRE O CENTRO DA PROVINCIA E A MARIÑA



CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO, S.L.

Ampla experiencia en obra civil, desde regas asfálticas, canalizacións, urbanización de rúas, diques, aglomerado...

CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO, pon á súa disposición un variado cadro de persoal capacitado para satisfacer todas as súas necesidades, ademais dun gran abanico de maquinaria de todo tipo e planta de aglomerado en quente.

CANTERAS ISIDRO OTERO, dispón de 3 explotacións de árido calizo: Valiño, Grande Mesada e Louseiras.





## o vicedo

## A aula Cemit acollerá clases de informática

A aula Cemit do Vicedo, situada na casa da cultura, acollerá clases de informática gratuítas para todos os niveis, ven sexan adultos ou nenos. Estas clases serán en horario de 16.00 a 18.00 horas para os nenos e de 18.00 a 20.00 para adultos de luns a venres. Pero teñen a aula dispoñible en todo momento para consultas puntuais.

Para participar haberá que inscribirse chamando ao 982 590 195 ou mandando un email a cemit.ovicedo@xunta.es. Tamén comenará nas vindeiras semanas un curso sobre manexo de móbiles.

## Cancelada outro ano máis a Romaxe Vikinga do Vicedo

A organización da Romaxe Vikinga do Vicedo comunicou a súa cancelación un ano máis, pois “este ano debido ás restricións non podemos celebrala”. Este ano, acadaría a sexta edición, e íase celebrar os días 24 e 25 de xullo.

O alcalde do Vicedo, Jesús Novo, dixo que estiveron esperando ata o último momento para poder tomar unha decisión sobre a celebración.

“As circunstancias actuais obri-



gan a cumprir protocolos en celebracións e eventos públicos, respectar aforos, e a maiores, aconsellan a tomar decisións responsables coa situación sanitaria”, comentou.

## O PSOE pedirá respado para crear unha canle Xabarín

O voceiro socialista do Concello do Vicedo, Vicente César Parapar, presentará unha moción no Pleno municipal en apoio á campaña e proposición non de lei de iniciativa popular para a creación dunha canle Xabarín Club na TVG e máis e mellor difusión de promoción infantil e xuvenil en galego impulsada pola mesa pola mesa da normalización lingüística.

“A mediados dos 90 do século XX, Galicia situouse á vangarda dos

contidos infantís e xuvenís coa programación do Xabarín Club da Televisión de Galicia. Con ela, non só contribuíu decisivamente á normalización da lingua galega senón tamén á difusión da música, da produción audiovisual e escénica desenvolvida no país”, di Parapar. A lingua galega é a única oficial no Estado español que non conta cunha canle de emisión continuada de programación infantil e xuvenil, di.

## Aberto o prazo para solicitar as axudas das asociacións

O Vicedo vén de abrir o prazo para solicitar axudas municipais a asociacións con actividades sen ánimo de lucro e que teñan repercusión ou influencia no propio Concello. Así, o prazo estará aberto ata o 11 de xuño e o único requisito é figurar inscrito no Rexistro Municipal de Asociacións, comunicou o alcalde Jesús Novo. Deberase entregar a solicitude nas oficinas de servizos sociais do Concello do Vicedo.

## Presentan Aescola, unha nova plataforma cultural



A Escola servirá para divulgar as actividades culturais

Barreiros presenta a plataforma virtual AEscola, que será a ferramenta de divulgación cultural máis ambiciosa do concello e que servirá de carteleira de actividades, aula virtual interactiva e contará con espazos para os eventos das distintas asociacións culturais e centros educativos. “Este soporte facilitará que os seus contidos se poidan modificar e actualizar de forma constante, o que a converte nunha ferramenta actual e perdurable no tempo, así como traballar de forma coordinada desde as distintas áreas” sinala o concelleiro de dinamización, Daniel García.

A plataforma poñeráse en marcha o luns 17 de maio cunha serie de actividades virtuais relacionadas coa conmemoración das Letras Galegas, as cales contarán con distintos niveis de dificultade.

Trátase dun espazo virtual que poderá convivir con actividades presenciais, coa versatilidade de poder manter dinamismo social en calquera situación. “A idea é que este espazo sirva de lugar de encontro e intercambio de coñecemento á vez que nos permita achegar á veciñanza as actividades educativas, culturais, etc que se realicen dende o Concello”.

## Mellorarase a rúa de baixada ao centro social de San Cosme



Rúa de baixada ao centro social

A alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, vén de anunciar que o Concello de Barreiros realizará un investimento de máis de 90.000 euros en obras de mellora e humanización da rúa de baixada ao centro social de San Cosme.

Coa execución destas obras preténdese dotar ao centro de San Cosme dunha zona máis humana, na que as persoas teñan espazo seguro por onde camiñar; ampliando as beirarrúas e instalando mobiliario urbano que converta a rúa nunha zona urbana atractiva para o seu uso.

A alcaldesa explica que se trata dun proxecto humilde, pero que se insire no obxectivo de que os núcleos de poboación sexan polos nos que des-

envolver vida e no que as persoas estean no centro.

A rúa que baixa ao centro social, onde ademais tamén se atopa o centro de saúde, dá ademais acceso ao colexio de primaria e á escola infantil e está situada no centro da parroquia con todos os servizos ao seu carón.

Ana Ermida sinalou que se están facendo “pequenas actuacións coas que se pretende dotar a San Cosme dun centro urbano de uso para as persoas, xa que ás obras que se levarán a cabo nesta rúa, súmanse as que se realizarán no Teleclub, xunto coa habilitación do parque de skate e á instalación dunha zona de ocio a carón do colexio público.”

## Remata a reforma do centro social na parroquia de Galegos



Pasarela de acceso ao centro social

O Concello de Riotorto rematou as obras de reforma e acondicionamento do centro social de Galegos, un proxecto subvencionado polo GDR no 65% e con fondos municipais no resto e que tiña un orzamento de 51.299 euros.

O proxecto consistiu na rehabilitación do edificio, que actuaba como vivenda particular. O novo centro dispón dunha sala e un cuarto de

aseo, que foron reformados. Tamén se fixeron traballos de mellora da instalación eléctrica, colocación de tarima, etc. Ademais, colocouse unha rampla de acceso para facilitar o mesmo a todas as persoas con problemas de mobilidade.

O local pasa a estar a disposición dos veciños da parroquia para uso público, orientado ás reunións veciñais, cursos e actividades culturais.

## O Concello oferta a explotación hostaleira do Mazo de Ferreiravella

O Concello de Riotorto vén de facer pública a súa intención de sacar a explotación hostaleira o Mazo de Ferreiravella, un complexo rural que conta con edificio para restaurante, con explanada de 800 metros de aparcadoiro e conxunto etnográfico adxunto. Ademais é un dos puntos do roteiro dos ferreiros.

As persoas interesadas na súa explotación poden poñerse en contacto co Concello, que estudará o seu proxecto de viabilidade e de futuro. Dependendo das ofertas presentadas, farase unha licitación pública do mesmo pero en principio estudaríanse as ofertas de forma individualizada.

## riotorto




# Barreiros contará cunha pista multideporte en San Cosme

A Xunta de Goberno de Barreiros vén de dar luz verde ao texto dun convenio de cooperación coa Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia para a instalación dunha pista multideporte en San Cosme.

O proxecto aprobado está valorado en 29.938,17 euros, nos que se inclúen as labores de adecuación da zona linceira ao colexio para a dotación dunha zona de espaxamento e xogos; dos cales a Xunta de Galicia aporta 20.000 euros e os 9.938,17 restantes se financian con cargo ao orzamento municipal de Barreiros.

A alcaldesa explica que esta actuación persigue o obxectivo de “dotar a San Cosme dunha zona urbana con servizos para todas as idades e, especialmente, para as nenas e nenos dunha idade na que xa non fan uso do parque infantil, pero precisan os seus espazos de ocio.”

Esta actuación súmase á recente instalación dunha zona de compostaxe comunitaria e á colocación próxima da pista de skate na parte traseira do teleclub. Ana Ermida insiste en relacionar “todas as obras que se



proxectan no centro de San Cosme -como a humanización da rúa do centro social ou a rehabilitación das antigas escolas e o teleclub- como un proxecto ambicioso de facer do núcleo urbano de San Cosme un espazo no que as persoas dispoñan de servizos e zonas nos que a vida sexa máis cómoda, sendo así máis atractivo.”

A pista que se instalará tras a sinatura do convenio entre as dúas administracións e o proceso de licitación correspondente, consistirá nun

espazo con peche perimetral para protexer as nenas e nenos no que se intalarán canastas e porterías para o xogo ao aire libre.

A alcaldesa valorou positivamente a cooperación interadministrativa que está a conseguir o Concello con outras administracións, que permiten levar a cabo obras e dotar de servizos que a administración local en solitario non podería afrontar; como por exemplo o abastecemento da zona de Remior, que se atopa neste momento en licitación.

# Denunciarán a Telefónica tras tres días sen servizo

O Concello vén de anunciar que denunciará formalmente a Telefónica Empresas tras sufrir durante tres días un problema no servizo que deixou sen teléfono e datos a Casa do Concello.

A alcaldesa explicou que se lle notificou á empresa unha incidencia, debido a problemas na liña telefónica que non foron solucionados e que mantiveron ao Concello sen liña telefónica e sen internet ata dous días despois.

A falta de dilixencia na atención dunha avaría deste calado nunha institución como é o Concello de Barreiros é especialmente importante, xa que supón paralizar practicamente por completo a vida municipal, ao fallar servizos tan básicos como o rexistro público ou a atención telefónica á veciñanza. “Que nos tempos de hoxe, cando se presume dunha administración áxil e dixital se estea á expensas da dilixencia dunha empresa -da que, á vista dos acontecementos, carece- é unha absoluta indefensión non só para as administracións, senón para a poboación en xeral. E está claro



que se as empresas abusan da súa situación no mercado; na medida das posibilidades, as administracións públicas debemos facer toda a presión que poidamos para que se tomen medidas con elas e ofrezan servizos de calidade”, manifesta Ana Ermida.

“Os problemas que pode xerar ter un Concello sen servizo telefónico e de internet durante máis de 72 horas son innumerables e no caso de prazos administrativos ou avisos oficiais que poidan deixar de atenderse poden ter prexuízos e consecuencias moi graves e irreparables para a veciñanza e a propia administración”, explica a alcaldesa.

# Nenos do CEIP de Reinante crearon un folleto turístico



Os nenos de primeiro e segundo de Primaria do CEIP San Miguel de Reinante fixeron unha gran iniciativa que, de seguro, fomentará a valorización do territorio. Esta consistiu en elaborar un folleto turístico elaborado do seu puño e letra e incluíndo un pequeno resumo xeográfico e

demográfico, un listado das praias, roteiros e miradoiros, gastronomía, e algúns dos atractivos turísticos da contorna.

Estes folletos están dispoñibles na Oficina de Turismo. Ademais elaboraron un fermoso vídeo con imaxes do Concello.

# 30 novos colectores amarelos

O Concello de Barreiros vén de instalar 30 novos colectores amarelos para o depósito de envases lixeiros ao longo de todo o núcleo municipal. Segundo explica o edil de medio ambiente, Dámaso Ratoeira, con estes novos colectores preténdese facilitar a reciclaxe de residuos ás persoas con independencia de o de residan”

e asegura que se “realizou un reforzo especial nas parroquias do rural para tratar de achegar a rede de reciclaxe á totalidade da poboación.”

A empresa porá en marcha novas rutas para dar entrada aos puntos novos de reciclaxe polo que desde o Concello din que “é posible que nos primeiros días poidan ter desfases”.

# Comeza a última fase das obras da estrada da costa



Esta vía é o enlace entre as praias de Altar e Reinante e a glorieta das Catedrais

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, xunto á deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, e o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, acompañados da alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, e a tenente de Alcaldesa, Carmen Veiga, supervisaron os traballos de renovación da vía provincial LU-P-0610, unha estrada paralela á costa do municipio mariñán.

Finalizado o estendido de aglomerado, procederase ao pintado e instalación da sinalización vertical na vía. A Deputación inviste 91.300€ nesta actuación, que afecta a o tra-

mo comprendido entre os puntos quilométricos 3,400 e 5,400.

O Presidente avanzou que xa se está tramitando o proxecto para a mellora doutro tramo desta estrada estratéxica para Barreiros e a comarca da Mariña -entre os quilómetros 1,400 ao 3,400-, e reiterou o seu compromiso de que neste mandato quedará totalmente renovada.

Esta vía, paralela á costa de Barreiros, é o enlace entre as praias de Altar e Reinante e a glorieta da praia das Catedrais, sendo unha estrada que dá servizo a numerosos veciños e veciñas e visitantes que se achegan aos areais barreirenses.

# Reclaman a conexión directa da A-74 co polígono industrial

O deputado Néstor Rego acaba de rexistrar varias iniciativas na cámara baixa para que o Goberno do Estado modifique o proxecto de trazado da Autovía da A-74 da Mariña, tramo que abrangue de Foz a Barreiros. A formación nacionalista propón a construción dunha conexión directa do Polígono Industrial de Barreiros co ramal de ligazón xa prevista entre a N-634, a A-74 e a A-8.

Desde que comezou a exposición pública dos estudos informativos da autovía, o Concello de Barreiros mantivo conversacións cos técnicos responsábeis do proxecto da A-74 e cos funcionarios do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana en que se lles trasladou a necesidade e a obriga de conectar o Polígono con esta nova infraestrutura. Así mesmo, a Administración municipal enviou alegacións que recollen as demandas das empresas instaladas no Polígono.

“No deseño e desenvolvemento de todo polígono industrial resulta fundamental para o seu bo funcionamento e éxito empresarial, garantir unha boa conexión a todas as redes e infraestruturas de comunicación próximas e, no caso de non existir, preverse a súa futura execución” di.



# “O teatro é un traballo duro que esixe que sexamos fortes”

O valadourés Manuel Lourenzo vén de ser galardoado nos Mestre Mateo

Manuel Lourenzo, nado en Ferreira do Valadouro, é un actor, dramaturgo, director teatral, tradutor e dinamizador de diferentes iniciativas teatrais, ademais de ser galardoado recentemente co premio de Honra dos Mestre Mateo.

## Dende cando se adica ao teatro?

Eu fixen teatro xa desde moi neno no Valadouro. Lembro que o primeiro que fixen foi cantar nunha zarzuela e despois no colexio das monxas unha obra a cal tiñamos moi pouco ensaiada. Pero marchei do Valadouro aos 13 anos para estudar o bacharelato na Coruña.

## Como foron eses tempos na Coruña?

Os primeiros anos na Coruña eu estiven interno, é dicir, saía os domingos a dar un paseo nada máis. A pesar de todo comecei a ter amizades e a saber cousas, e xa pasado un tempo comecei a aproveitar os domingos dunha maneira máis libre para ir a sitios e coñecer máis mundo. Despois funme fóra, estiven dous anos en Alemaña, e aproveitei para aprender moitas cousas respecto ao teatro, a ópera, o ballet, todo sobre as artes escénicas. E xa ao regresar xa me dispuxen dunha maneira máis concreta a adicarme ao que me gustaba verdadeiramente, o teatro.

## Como comezou entón?

Como era moi difícil xa que non había escola aquí, comecei pola miña conta a traballar con Pancho Pillado e sobre todo no teatro galego, é dicir, que por unha parte eu quería facer teatro porque o que me interesaba era a acción escénica e todas as cousas que se podían plantexar fóra dun escenario, nun lugar que non necesitase ser espazo teatral nin estar

pechado.

Entón dediqueime por unha parte ao estudo da historia máis ou menos descoñecida do teatro galego anterior a miña época e xa despois investiguei cousas pola miña conta. Pero o caso é que fixemos moitas publicacións nos cadernos da Escola Dramática Galega e en revistas de moitos lugares.

## Tiñan sitio para ensaiar ou amosar as súas obras na Coruña?

Si, mercamos un baixo moi grande e convertímoloo nun teatro. Non era extraordinario, pero era cómodo e tiña sitio para unhas 50 persoas. Viñan grupos teatrais de toda España sobre todo do País Vasco e todas as semanas había obras coas que desfrutar. Tamén actuou o grupo uruguaio, El Galpón de Montevideo, unha institución teatral no seu país.

## Estivo en grupos teatrais?

Movinme bastante co Teatro Circo, un grupo independente, e tamén coñecemos moito teatro peninsular e tivemos moito contacto con grupos portugueses o cal foi unha experiencia excelente.

## Aprendeu outras maneiras de traballar?

Si, por exemplo na Coruña metinme na Coral Polifónica Follas Novas e co seu Mestre Mir Felix aprendín música, armonio, etc. Foi un excelente profesor. E tamén en Follas Novas contrataran a unha directora de danza que era extraordinaria.

## Conta con numerosas obras, algunha que lembre con especial agarramento?

As que levamos ao festival de Sitges que eran máis ben obras de gran formato como Edipo rei en 1983 ou

obras de Shakespeare, versións de clásicos pero cunha linguaxe contemporánea pero respetando absolutamente a temática.

## Traballou e aprendeu con Pepe Estruch, non?

Si, algúns fumos alumnos de Pepe Estruch, que era o profesor que máis sabía e ademais tiña un don para transmitir todo, e o que querías era que non pasase o tempo porque aprendías moito. Ademais chegamos a telo como un amigo e tamén viña ao noso teatro. O legado que recollín del foi: inventar o espazo e o tempo cando se fai teatro no momento propio de ensaiar, porque o espazo non é unha cousa real é unha entelequia e entón se o inventas xa é teu e polo tanto é un temor menos á hora de actuar; e co tempo paso igual, se o inventas e ves o que che convén para esa acción, e entre o que ti sabes e o que che di o director, xa tes o traballo medio feito.

## Foron dous personaxes audiovisuais os que lle deron unha inmensa popularidade entre o público: o pescador Melgacho, na serie Mareas Vivas e Vicente Otero, Terito, na serie Fariña. Como lembra estes momentos?

Chamáronme varias veces e negueime outras tantas, pero o director de Mareas Vivas chamoume para facer o papel de Melgacho e díxenlle que non por traballo no noso teatro. Chamoume unha segunda e o mesmo, e a terceira díxenlle que si. O último papel que fixen en televisión foi o de Terito en Fariña. E foron dous personaxes que lembro con agarramento.

## Entón, teatro ou televisión, que prefire?

Teatro sempre. A televisión e o cine



O dramaturgo Manuel Lourenzo. FOTO: Santos Díez (Olla de Vidro-ACAB)

gústame moito sobre todo porque complementábase moi ben xa que son máis precisas ou preparadas. Pero eu prefiro o teatro, un lugar chao e libre, sen decorados, no que o que importa é o espazo e o tempo e ter aos espectadores ao arredor.

## Durante a súa carreira colleitou numerosos premios?

Teño bastantes premios literarios e teatrais nas miñas costas, e este ano recibín o Premio de Honor Fernando Rey nos Mestre Mateo, unha homenaxe a toda a miña carreira. Tamén conto co Premio Nacional de Literatura Dramática concedido en 1997, o Premio de Honra Marisa Soto que o recibín en 1998, un Pedrón de Ouro, un Otero Pedrayo, un Maruxa Villanueva... É ademais son profesor Honoris Causa pola ESAD e Socio de Honra da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Pero o mellor premio para un dramaturgo é ver a súa propia obra no palco.

## Como está o teatro en Galicia?

Non sei como está exactamente, pero habería que botar unha ollada a Vigo, onde hai unha escola de teatro moi boa que conta con bastantes medios aínda que nunca son suficientes, e tamén habería que ver que sae de ahí e que fan estes rapaces despois de rematar a carreira.

## Como pasou a pandemia?

Estiven na Coruña todo o tempo pero non encerrado na casa xa que tiña traballo que facer. Saía polas mañás a pasear e despexar a mente para despois escribir e facer correccións de obras que están para publicarse.

## Como ve a pandemia coas artes teatrais?

Pois haberá unha influencia moi negativa creo eu. Porque nesta época coinciden moitas cousas como as restricións ou os aparatos tecnolóxicos. Pero mentras haxa unha ocasión para que a política reserve uns cartiños, rapidamente desaparecen as cousas menos potentes, e o teatro xa sabemos que anda dun lado para outro e é unha das primeiras zocas que caen. Pero o tema da cultura aquí en Galicia é moi perigoso pois sempre está nas mesmas mans, politicamente falando. Por exemplo eu vexo que o Cento Dramático Galego non ten diñeiro suficiente para sobrevivir, e dame angustia.

As persoas que se dedican ao teatro que o pensen moi seriamente porque é un traballo duro e o que tes enfrente sempre é a negativa, a oposición... pero é un traballo que esixe que sexamos fortes para defender o noso, que é facer teatro, cine, televisión, todo o que signifiquen as artes escénicas.



**RÓTULO.** A rotonda de entrada á vila loce xa un gran rótulo co nome actual do Concello e o antigo en latín Vallis Auris. Agora comparte espazo co escudo valadourés diagramado en pedra.

## Cuarto ano de trampeo de velutina

O Concello do Valadouro empeza por cuarto ano consecutivo o trampeo de velutina. Est fin de semana a empresa Serpa encargada de realizar o trampeo de Velutina estivo no mercado semanal explicando aos veciños como facer as trampas para capturar as raíñas.

Nesta primavera de 2021 o Concello instalará máis de 1500 trampas repartidas en 6 quincenas, cubrindo toda a extensión do municipio e potenciando as zonas onde máis niños se detectaron en 2020.



Este será o cuarto ano que se realiza o trampeo, desde que empezou a extensión da velutina, o número de niños sempre ía en aumento ano tras ano hasta que en 2018

comezouse a realizar un trampeo a gran escala. O trampeo combinado coa retirada de niños foi a única forma de manter que o número de niños que se detectan no verán áchase reducido un 80%.

A implicación dos apicultores locais e veciños do municipio nestes últimos anos sempre foi un aliado á hora de aumentar o número de trampas que se colocan, sempre que se empeza o trampeo paralelamente faise unha campaña de divulgación e sensibilización.



# Solicitarán adicar as Letras Galegas a Fernández del Riego

Os tres grupos da Corporación de Lourenzá solicitan da Real Academia Galega que se lle adique a Francisco Fernández del Riego o Día das Letras Galegas do próximo ano.

Os tres grupos políticos que conforman a Corporación Municipal de Lourenzá presentan ao Pleno do vindeiro luns, 31 de maio, unha moción conxunta na que lle solicitan á Real Academia Galega que o Día das Letras Galegas do próximo ano se lle ve adique ao escritor laurentino Francisco Fernández del Riego.

Ao mesmo tempo dirixiranse aos



O laurentino Fernández del Riego

demais concellos da Mariña, á Deputación Provincial, ao Concello de Vigo e á Fundación Penzol para que apoiem esta iniciativa.

Francisco Fernández del Riego nado no lugar de Vilanova de Lourenzá en 1913, e finado en 2010 foi un intelectual e activista político galego. Escribiu cos pseudónimos de Salvador Lorenzana e Cosme Barreiros. Desenvolveu dende os anos 30 un traballo constante e recoñecido a prol da cultura galega que continuou até os seus últimos meses e que fixo del unha das personalidades máis destacadas de Galicia



**AGASALLO A LUIS SEOANE.** O Concello de Lourenzá acolleu o XV Agasallo a Luis Seoane, coincidindo coa data de nacemento do escritor, o 1 de xuño. A homenaxe realizouse na Escola de Arroxo ás 19.30 horas. No acto, ao que acudiron membros do Goberno local laurentino, plantáronse tres plantas de ruda e un allo verde.

# O Concello mellorou a fachada da casa da xuventude e da gardería

O Concello laurentino vén de comunicar que fixo obras de mellora na fachada da casa da xuventude e na gardería para solucionar os problemas de humidade que afectaban ó edificio.

Estes traballos consistiron no desmontaxe das chapas ondulate que cubrían a fachada pola colocación dun sistema SATE con EPS de 80mm acabado con mortero acrílico flexible ou pintura acrílica elástica anti moho.

As obras son financiadas pola Deputación Provincial a través dun convenio de colaboración e o importe ascende a 25.840 euros.



De arriba a baixo, a casa da xuventude e a estrada

**RECINTO FEIRAL.** O Concello vai mellorar a cuberta da nave principal do recinto feiral. Así, os traballos consistirán na substitución da cuberta actual de fibrocemento por outra cuberta nova de panel de sandwich.

A obra financiarase dentro do programa de subvencións para proxectos de rehabilitación e reforma de mercados municipais, cofinanciados co FEADER e a Consellería de Medio Rural. O importe das obras ascende a 47.700 euros.

**ESTRADAS.** O Concello estivo a facer esta semana traballo de aglomerado en quente en vías nas

parroquias de San Adriano e Santo Tomé.

Máis concretamente no camiño de Iglesia de San Adriano a Chacote, de Chacote a Liñares, de

Carballal a Camiño. O importe das obras ascende a 145.190 euros e financiadas con cargo ao Plan Unico do 2020 da Deputación de Lugo.

# O Concello fai cambios na ordenanza do mercado

O Concello de Lourenzá publicou no BOP o anuncio dos cambios na ordenanza reguladora do mercado, que inclúen que a tarifa anual para o servizo de polbería, bar e churrería será de 3.120 euros anuais e que o censo de comerciantes formárase novamente o 1 de xaneiro

de cada ano.

Así mesmo, a normativa marcará que si o mercado no se puidera celebrar, os feirantes que fagan o seu pago anual terán dereito á devolución proporcional dos días nos que as instalacións permaneceran pechadas previa solicitude.

# Reabren as instalacións do ximnasio e da pista de pádel



Un momento dunha clase de pádel

A alcaldesa de Lourenzá, Rocío López, anunciou que as instalacións deportivas municipais do ximnasio multiusos e da pista de pádel xa están abertas dende o 1 de xuño.

Os socios do ximnasio poden reanudar a súa actividade con reserva previa dende as 11 da mañá ata as 23 horas de luns a domingo.

A pista de pádel tamén voiveu funcionar dende o pasado martes. Todos aqueles que queiran darse de alta para o uso da pista de pádel deberán facelo a través do Concello.

Para calquera dúbida poden contactar co Técnico de Deportes, Rubén G. Piñeiroa, no teléfono 610 916 696 ou no correo villaronte@gmail.com.

**CURSO 2021/2022**  
Contáctanos hoy para reservar tu plaza para el nuevo curso

...where English is fun!

982 103 377  
605 738 247

SCAN ME

www.docklandsacademy.es

## AMARIÑAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323      redaccion@amarinaxa.com



## Comezará o arranxo de vías co Plan Único do 2020

O Concello de Orourol comezará nas vindeiras semanas coas obras de mellora en vías e camiños de todas as parroquias. Estas obras están incluídas dentro do Plan Único da Deputación da anterior anualidade.

O goberno local continúa incluíndo o arranxo de vías en diferentes plans para tratar de dotar de infraestruturas viarias adecuadas aos seus veciños.

Así, o alcalde ourolés, José Luis Pajón, comunicou que están aprobadas e listas para comezas as melloras nas vías das parroquias de Miñotos, Xerdiz, Bravos, Sisto e Merille. “Estas obras xa tiñan que ter comezado pero a empresa tivo un pequeno retraso, pero como moi tarde empezarán a vindeira semana”, di Pajón, “durarán ata finais de setembro e contan cun orzamento de arredor de 175.000 euros, que foi polo que se adjudicou”. Os traballos están financiados co Fondo de Compensación e do Agader, Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

# O Goberno e o Concello mellorarán a eficiencia enerxética de edificios públicos

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, e o alcalde de Orourol, Luis Pajón, reuníronse na Casa do Concello para avaliar a marcha dos proxectos que ten en marcha o Goberno local contando coa colaboración do Goberno e o Concello.

A subdelegada destacou que o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, respalda economicamente diversas actuacións do Concello de Orourol para mellorar a eficiencia enerxética de equipamentos municipais. O Ministerio concedeulle axudas por importe de 142.350 euros para a realización dos seguintes proxectos: rehabilitación enerxética da envolvente térmica da Casa Consistorial e Centro Social de Orourol e mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de climatización dos edificios da Casa Consistorial, Centro Social

e Edificio Multiusos.

A subdelegada felicitou ao alcalde pola sensibilidade que demostra ao desenvolver estas iniciativas que permitirán a redución de emisións contaminantes no municipio.

Luis Pajón explicou que o apoio económico do Ministerio é fundamental para que o Concello poida acometer actuacións desta envergadura en materia de eficiencia enerxética, coas que, ademais de apostar polo medio ambiente, se poderán facer importantes aforros na economía municipal.

O alcalde tamén informou de que o Concello xa adjudicou nos últimos días os dous proxectos, que contarán con un investimento total de 150.068 euros. A mellora da eficiencia enerxética das instalacións de climatización, mediante bomba de calor, dos edificios da Casa



O alcalde de Orourol coa subdelegada amosándolle as melloras

Consistorial, o Centro Social e o Edificio Multiusos, foi adjudicada en 96.140 euros á empresa Esqueiro SL e a rehabilitación enerxética da envolvente térmica da Casa do Concello e o Centro social, nos que se cambiará a carpintería de ventás e portas por outras con rotura da ponte

térmica, adjudicouse en 53.928 euros á firma José Saa SL. Estes proxectos do Concello de Orourol serán cofinanciados polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través do IDAE, e polo Concello que tamén se fai cargo da execución das obras.

## O Fejyda Summer Camp celebrarase de novo este ano

Despois dun ano complicado, Fejyda, Federación Española de Jiu-Jitsu y Deportes Asociados, quere apostar máis forte que nunca polo deporte. Por iso, entre o 23 de xullo e o 2 de agosto, Vegadeo será sede unha vez máis do Fejyda Summer Camp, o campamento de verán desta Federación. Os protagonistas serán os deportistas federados, e todo virará ao redor do jiu-jitsu e as disciplinas e deportes asociados, ao turismo que nos ofrece a zona e a cultura marcial e asturiana.

Este campamento ábrese a todos os deportistas federados de forma totalmente gratuíta, é dicir, a partici-

pación nas clases é totalmente gratuíta. Abriuse o prazo de solicitude para que os mestres federados en Fejyda poidan solicitar impartir clases neste Fejyda Summer Camp. O espírito, como sempre, é compartir bos momentos no tatami, aprendendo de cada un dos excelentes mestres que compoñen esta Federación nos seus diferentes deportes e variantes.

As inscricións poden realizarse a través das delegacións territoriais ou os clubs. En caso de desexar asistir sen pertencer á Federación, pódese escribir a [info@fejyda.com](mailto:info@fejyda.com) e informármosche o mellor posible.

## Volve a Feira de Mostras

Este ano o Concello de Vegadeo acollerá a Feira de Mostras, do 11 ao 13 de xuño. Aínda que con cambios e aforo limitado, contará con feira cabalar, postos de artesanía, polbeiros, epostos de alimentación, ademais dunha exposición de reptiles.

Por mor da vacinación da covid-19, o pavillón do recinto ferial non podera usarse, así que estará na explanada

do recinto feiral e o parque do Meda.

Por outra banda, tamén se celebrou unha nova edición do Mercado de Primavera, un mercado que serviu para reactivar a economía tras os meses de pandemia.

Neste mercado pódense mercar produtos de alimentación e artesanía ademais de actividades infantís.

## Unhas 570 vivendas do Concello teñen internet de alta velocidade

Ata 570 vivendas de Vegadeo contan xa coa fibra óptica máis rápida que existe hoxe no mercado (1.000 Mbps) instalada por Adamo. Esas primeiras actuacións leváronse a cabo en Pianton e A Veiga, a capital do Concello.

A conexión da internet de alta velocidade do operador non se limitará a esas dúas poboacións, dado que Adamo cubrirá o resto de parroquias do municipio ao longo do presente exercicio. Trátase de Abres, Guiar, Meredo e Paramios.

Tanto o balance das actuacións efectuadas ata o momento pola empresa como o plan de desenvolvemento para os próximos meses foron presentados por David Llano, delegado de Adamo en Asturias, a César Álvarez, alcalde de Vegadeo. O responsable municipal apoia e segue o despregamento desta infraestrutura de vital importancia, sobre todo, para mellorar o acceso a Internet dos núcleos pequenos, dispersos ou apartados. Despois de despregarse en Co-



César Álvarez, alcalde de Vegadeo, e David Llano, de Adamo

ña, Luarca, Navia, Tapia de Casariego e, agora, en Vegadeo, a compañía prosegue coa instalación no Principado da súa propia rede, que marca a diferenza en canto a potencia. En total, xa son 12.000 inmoables asturianos os que gozan da fibra óptica de 1.000 MB.

Este crecemento apóiase, en certa medida, nas subvencións do Programa de Banda Ancha de Nova Xeración (PEBA) do Minis-

terio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, que está cofinanciado pola Unión Europea (UE). En conxunto, Adamo resultou adjudicatario de 80 millóns de euros para dotar de fibra óptica a preto de 500.000 vivendas situadas en 20 provincias. Dese orzamento, máis de 9 millóns destinaranse á instalación desta infraestrutura en Asturias para facilitar, así, a comunicación de 42.831 fogares.



# DEPUTACIÓN

## Lanzan Coñece a túa provincia, un programa de viaxes gratuítas

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou o programa Coñece a túa provincia, unha nova medida que lanza a institución dentro do seu Plan de Impulso da Economía da Provincia e que está destinada a estimular o turismo de proximidade e favorecer a recuperación sostible deste sector e da hostalería e o comercio local fronte ao impacto da pandemia con viaxes gratuítas pola provincia para os veciños e veciñas.

A Xunta de Goberno aprobou desenvolver o programa Coñece a túa provincia, e licitar un contrato para a súa execución durante este ano e o vindeiro, con opción de prórroga por outro ano máis, por un importe total que supera os 300.000€.

O presidente explicou que esta nova iniciativa de Deputación está dirixida a entidades sen ánimo de lucro de toda a provincia, e consiste en viaxes gratuítas en pequenos grupos, dunha xornada de duración, por distintos puntos da xeografía lucense, seguindo diversas rutas.

Segundo avanzou o mandatario pro-



O prazo de inscricións comezará no mes de xullo

vincial, o prazo para que as asociacións e colectivos poidan inscribirse e solicitar praza comezará no mes de xullo e as viaxes empezarán na segunda quincena de setembro e continuarán ata novembro. No ano 2022, as viaxes desenvolveranse na primavera (entre marzo e xuño), e no outono (entre os meses de setembro e novembro).

### 4.300 PRAZAS EN 37 ITINERARIOS

En total, entre este ano e o próximo, Coñece a túa provincia ofrecerá pre-

to de 4.300 prazas. As viaxes terán lugar de luns a venres, e contarán con guías profesionais de turismo. As asociacións poderán elixir entre un total de 37 itinerarios polo patrimonio natural, histórico, cultural e gastronómico de toda a provincia.

Oito itinerarios son pola comarca da Mariña, que inclúen lugares naturais como o Fuciño do Porco, a Praia das Catedrais ou o litoral focense, pero tamén recursos patrimoniais como a fábrica de Sargadelos ou a Catedral de Mondoñedo.

## O Pleno acorda pedir a Feijóo que financie os centros de maiores

A Deputación de Lugo reclámalle á Xunta de Galicia que asuma as competencias ás que está obrigada por Lei e que "lle pague o que lle debe aos veciños e veciñas da provincia" en materia de residencias. Este é o contido do acordo que sacou adiante no Pleno ordinario deste martes o Goberno provincial, que aprobou abrir un proceso de negociación coa Xunta de Galicia para que asuma tanto a financiación dos Centros de Atención a Miores da institución, como a súa inclusión na rede pública de residencias autonómicas. A proposta recolle tamén reclamar ó Goberno galego que modifique o seu modelo macro residencial para fortalecer e consolidar unha rede galega de residencias públicas de pequeno tamaño que garanta a permanencia dos maiores no seu entorno, mellorando a atención e xerando emprego de calidade que contri-

búa a fixar poboación no rural. Pola súa banda, o PP negouse, unha vez máis, a que a Xunta asuma a súa obriga legal, recollida tanto no Estatuto de Autonomía como na Lei de Servizos Sociais, de contribuír ao financiamento dos servizos de atención ás persoas maiores na provincia. O Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, recalcou que, por Lei, a Xunta debe "contribuír a esa gran labor da que estamos moi orgullosos na Deputación" porque ata agora "non aportou nada, nin para a construción, nin para o financiamento dos centros de atención a maiores provinciais". "Tratar de xustificar que a Xunta colabora coas libranzas vinculadas é, ou non ter nin idea, ou ser hipócrita, porque estas son un dereito dos usuarios e usuarias, que a Xunta lles ten que dar porque non ten prazas públicas de residencia suficientes".

## Xa se poden presentar as candidaturas aos premios á hostalaría e o turismo

A Deputación de Lugo abre o prazo de presentación de candidaturas para a segunda edición dos premios Lugo Cambia ao turismo lucense e ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense. O Boletín Oficial da Provincia (BOP) recolleu este mércores 2 de xuño as bases da convocatoria destes galardóns da Deputación, que poñen en valor e visibilizan o traballo e a calidade do sector turístico e gastronómico da provincia. As candidaturas poden presentarse dende mañá ata o vindeiro 2 de xullo, incluído.

Como novidade, na segunda edición destes galardóns, as candidaturas poden presentarse a título individual ou por unha terceira persoa co consentimento expreso do candidato ou candidata, tal e como se solicitou no Consello Provincial de Turismo. Así mesmo, a proposta pode ser presentada por persoas físicas ou xurídicas, institucións e entidades públicas ou privadas, asociacións e colectivos sen ánimo de lucro que teñan repercusión positiva no turismo e na gas-



tronomía a nivel provincial ou nunha zona específica.

Serán nomeados tres premios en cada categoría e será o Consello Provincial de Turismo o que actúe como xurado nunha sesión extraordinaria. Premiarán a singularidade ou a repercusión positiva sobre a imaxe da provincia de Lugo, entre outros factores. As bases tamén recollen que os recoñecementos Lugo Cambia ao turismo lucense e ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense serán entregados nun acto público, sempre que a situación sanitaria o permita, o vindeiro 27 de setembro, coincidindo co Día Internacional do Turismo.

## Aberto o prazo para solicitar este mes os Bonos Impulso

Abriu o prazo para que a veciñanza da provincia solicite os Bonos Impulso da Deputación de Lugo. A institución provincial repartirá 17.000 descontos nominativos de 30€, para compras dun mínimo de 60€, que poderán solicitarse ata o día 21 de xuño e gastarse en calquera comercio, negocio de hostalería e servizos dende a súa recepción e ata o 31 de agosto deste ano. Con esta medida, que forma parte do Plan Impulso da Economía da Provincia da Deputación, mobilizarase máis de 1,5M€ nos sectores máis afectados pola crise sanitaria grazas ao seu efecto multiplicador.

Na páxina web da Deputación de Lugo habilitarase un espazo no que, durante 15 días hábiles, todos os maiores de 18 anos empadroados na provincia poderán pedir o seu desconto para gastar nos establecementos adheridos do seu concello, unha medida que naceu co propósito de xerar actividade económica nos 67 municipios que conforman a provincia de Lugo. A solicitude realizarase a través da

sede electrónica ou mediante o procedemento habitual, presentando a documentación nas oficinas de rexistro.

Os bonos poderanse gastar en todo tipo de actividade comercial, hostaleira e de servizos, agás á compra de bebidas alcohólicas, tabaco e lotarías. Asignarase por orde de presentación de solicitudes, respectando o número mínimo e máximo establecido de bonos por concello, e fixando nesta primeira fase de asignación un máximo dun bono por persoa. Os beneficiarios recibirán na súa casa, a través de correo postal, o seu Bono Impulso, que poderán utilizar como método de pagamento nun único establecemento. Este bono será nominativo, é dicir, levará o nome e apelidos de cada persoa, o que permitirá identificalo no momento da compra. De non esgotarse todos os bonos nesta primeira fase de solicitude, a Deputación de Lugo habilitará novos prazos e realizará sorteos entre aqueles cidadáns interesados en participar no programa.

## Os circuitos teatrais comezarán no verán

A Deputación traballa na definición dos circuitos de teatro afeccionado e profesional para comezar coas actuacións de cara ao verán. Así, confirmouse que se volverá crear un catálogo de obras e grupos para ofrecer as súas actuacións a concellos e asociacións.

Programaranse preto de cen actuacións de grupos afeccionados e profesionais cun investimento de 100.000 euros, "uns recursos que ademais de contribuír directamente á dinamización cultural das comarcas e concellos son un incentivo para a formación e a compra de equipamento técnico por parte dos grupos teatrais", din dende a Deputación. No ano 2020, a Deputación promoveu a través dos circuitos de teatro afeccionado e profesional un cento de actuacións nas distintas comarcas, coa colaboración de concellos e asociacións. Os ciclos incluíron obras de 15 grupos afeccionados e 9 compañías profesionais, contribuíndo a manter a súa actividade nos meses con maior incertidume sanitaria. O ano pasado demostrouse, conxuntamente, que a cultura é segura, aplicando en cada momento as medidas de prevención indicadas.



# DEPORTES



## O Xove Costa Trail celebrase en agosto

Os organizadores do Xove Costa Trail xa teñen en marcha a nova edición da carreira, que este ano celebrase o 21 de agosto, a andaina o trail dos nenos, e 22 a de adultos.


Trátase de desfrutar dun dos trails costeiros máis espectaculares de Galicia na que hai dúas distancias, 15 e 25 quilómetros, a andaina de 15 quilómetros e a carreira para nenos. Tamén contan este ano con novas zonas de paso e modificacións de percorrido.

O Xove Costa Trail é unha carreira por montaña que transcorre na súa maioría do percorrido pola senda costeira do Camiño Natural do Cantábrico, desde a Praia de Portonovo percorrendo todo o sendeiro costeiro, para logo adentrarse hacia a parte interior do Concello de Xove por sendeiros e pistas forestais de uso público.

## EN BREVE

**SD BURELA.** Aberto o prazo de participación nas xornadas de portas abertas do Porto de Burela que será ata o 18 de xuño para nenos de idades comprendidas entre os 4 e os 16 anos. “Se estás pensando en formar parte das escolas, ponte en contacto connosco e comenza a desfrutar do fútbol”, din. Para máis información haberá que chamar ao 627 180 539 ou mediante correo electrónico [afdportoburela@gmail.com](mailto:afdportoburela@gmail.com).

**VIVEIRO BIKE XTREME.** A Peña Ciclista Lar de Viveiro vén de publicar a data da Viveiro bike Xtreme, que será o 18 de xullo de 2021. Esta proba terá dúas modalidades, a corta de 35 quilómetros e a larga de 65. A organización dará máis datos proximamente.



## A sexta Copa Galicia xa loce na vitrina burelá



O Pescados Rubén Burela FS volveu acadar o título da Copa da Raíña imponéndose ao Torreblanca Melilla por 1-3 nun partido xogado nas Rozas. O Torreblanca ascendeu este ano a 1ª División e buscaba estreir o seu palmarés.

## Equipos de fútbol de base posiciónanse para o ascenso



Equipo infantil do Santiago de Foz

Os equipos mariñaos das categorías xuvenil, cadete e infantil remataron a súa participación nas ligas autonómicas e provinciais en maio con grandes resultados.

Así, na categoría xuvenil autonómica, o Viveiro logrou o seu pase á fase de ascenso a Liga Nacional tras vencer ao Residencia pola mínima a domicilio ocupando deste xeito a segunda praza da táboa.

Tamén en cadete, o conxunto viveirense buscará o ascenso de categoría tras obter tamén a segunda praza da clasificación. O conxunto celeste logrou esta posición unha xornada antes do remate e ao ter para finalizar sesión de descanso. O Ribadeo, malia gañar o último encontro ante o seu rival directo, o Lugo B, non puido clasificarse.

Na categoría infantil o Viveiro pechou esta primeira fase sen clasificar polo ascenso como pechacancelas do seu grupo.

**LIGAS PROVINCIAIS.** Tamén rematou a primeira fase na categoría xuvenil das ligas provinciais. Loitarán polo ascenso a Liga Galega nesta

segunda etapa a partir da próxima fin de semana os mariñaos Ribadeo e Foz, xunto a Milagrosa e Sarriana, dentro dos equipos da provincia. En Segunda clasificaron para loitar polo ascenso a Primeira Burela e Viveiro, que competirán polo ansiado ascenso tamén con Piringalla e Antas.

En cadete, o Burela, que goleou impunemente a última fin de semana, xa está clasificado para loitar polo ascenso aínda que falta unha xornada por disputarse. O conxunto burelao vai seguido do Viveiro, que tamén ten xa un pé na clasificación polo ascenso, pero deberá medirse co resto de segundos equipos xa que só pasará un.

En infantil tamén clasificou o Foz como campión de grupo e tamén unha semana antes da finalización da competición. O conxunto vermello pechou esta primeira fase invicto e foi recibido como campión no Martínez Otero polo equipo de Preferente, que lles fixeron o pasillo. Viveiro B e Río Ouro pelexarán na última xornada pola segunda praza.

## Vanessa Ares, bronce no Nacional de Kikcboxing



Ares tras gañar o título

A focense Vanessa Ares acadou o bronce no Campionato Nacional de Kikcboxing que se celebrou en Guadalajara. A deportista, que participou na categoría de menos de 60 quilos e xa conseguira en marzo o campionato galego, un título que tivera no ano 2018 e 2020.

A boxeadora conta co incondicional apoio de Ismael Entrena, que a axuda a prepararse para os campionatos e a levar o club que fundou no seu pobo, o Ari Foz Contact, que conta con 25 licencias federadas.

Os éxitos de Vanessa Ares son moi recoñecidos na Mariña e sente moi-

to agradecemento polo Concello de Foz, “sintome moi arroupada por eles, dende a primeira vez que lles ofrecín organizar a Velada de Kikcboxing, animáronme a montar o club e apoiáronme sempre en todo”. A focense anima a que calquera muller pode subirse a un ring, “as mulleres poden pelexar e poden facer un adestramento físico do mesmo xeito que o pode facer un home, eu animo a tódalas rapazas que queiran facelo a que o fagan e non pensen no que dirán. Necesitamos máis igualdade e apoiarnos máis entre nós mesmas”.

## Volve a San Cibrao o Campus de baloncesto

San Cibrao acolle de novo o Campus de Baloncesto EntreNos, que terá lugar na vila entre o 27 de xuño e o 2 de xullo. Esta edición, chamada 2.1 Campus Basket EntreNos centrarase máis no baloncesto, en mellorar individualmente e en recuperar horas de competición.

Isto farano limitando a participación a 48 prazas, para así organizar grupos de 12 ben diferenciados. A maiores, este ano o rango de idade limitase para idades comprendidas entre os anos 2004 ao 2009 (ambos incluídos), así tamén se aseguraran en que os grupos sexan máis compactos.

Cos grupos consolidados, máis adestramentos e tácticas por parte do equipo técnico, as tardes destinaranse a competicións 3x3, 4x4 e 5x5. Este campus será no pavillón da Veiga, no Ceip Península da Paz e na piscina olímpica.

O Campus adecúase as normas sanitarias esixibles máis a limitación de participantes, por iso xerarán unha burbulla perfecta, coa obrigatoriedade de máscara, uso de xel,



limpeza constante de instalacións e test de antígenos á chegada dos participantes. Contan cun experimentado staff técnico que axudarán día a día aos nenos, ademais de que haberá visitas diarias de adestradores referentes do baloncesto que se centrarán en potenciar a habilidade de traballo en equipo mediante tácticas específicas.

A organización puxo en funcionamento a web <http://campusbasketsanciprian.com/> onde dan cumprida conta de todo canto rodea ao Campus e poñen a disposición dos interesados o teléfono de contacto 653.48.94.06.



# “Os rapaces transmítenme unha enerxía que necesito”

Jesús Manuel Ares dirixe e adestra no SD Burela e Porto de Burela

Tras cinco tempadas consecutivas, Jesús Manuel Ares anunciou este ano a súa intención de dimitir da presidencia do SD Porto de Burela e tamén do SD Burela, na que estivo tres. Pero tras o regulamentario período electoral finalmente produciuse un relevo ao fronte do primeiro mentres el continuará no outro para evitar a desaparición do club.

## Canto tempo estiveches ao cargo do Club?

Na SD Burela comecei a formar parte da Directiva na tempada 2017/18, pasando a ser na seguinte o presidente, o que supón tres tempadas. No referente á SD Porto de Burela, estiven como presidente 5 tempadas.

## Como valoras a experiencia?

De ambos os dous clubs gardo experiencias moi boas. É gratificante ver o sorriso dos nenos e sentir a ledicia que nos transmiten ao chegar ás instalacións da Marosa. Tamén hai que destacar a confianza e unión co equipo sénior. Son uns rapaces excelentes. Os adestradores (grupo

no que me inclúo) e delegados son unha parte moi importante no día a día dos nosos clubs. Valoro positivamente o compañeirismo entre nós e a relación Directiva-adestradores é de dez.

## Que é o que destacarías destes anos?

Dentro dos nosos clubs tratamos de formar os nenos para que poidan chegar o máis alto posible e ver conseguidas as súas metas. Como evento deportivo, destacaría o noso torneo. Estamos desexando poder volver celebralo.

## Por que tomas a decisión de marchar?

Por asuntos médicos, quería manterme un pouco á marxe da Presidencia de cara á tempada que vén. Na SD Porto de Burela suplirame Giovana, seguirei formando parte da Directiva pero con menos responsabilidades. No relativo á SD Burela, ao non presentarse ningún, tomei a decisión de seguir. Sería unha verdadeira mágoa que despois de 56 anos o club cerrara as súas portas.

## Como foi este ano covid para o club?

O transcurso desta tempada viuse marcada pola covid. Trouxo consigo moito traballo (mirar febres á entrada das instalacións, rexistros de asistentes e público nos partidos, etc). Ao principio tirábanos para atrás toda esta serie de normas pero levando as cousas con xeito poden conseguirse. Outro impacto que a covid nos deixou foi a eliminación da competición do equipo sénior. Desexamos que para a seguinte tempada se poida reanudar e que poidamos desfrutar de novo das tardes de domingo na Marosa.

## Cales son as principais necesidades ou carencias?

A día de hoxe a principal necesidade que temos é arreglar a grada que está pendente. Dende o Concello dinnos que para setembro estará lista. Esperemos que así sexa xa que eso conleva a que non teríamos vestiarios, almacén, etc, ademais da repercusión económica ao non poder ter público.



## Cales son os principais respaldos do club e necesitaría máis?

O motor económico primordial son as cotas dos pais e socios, xunto coa colaboración dos patrocinadores e colaboradores, subvencións, etc. Que si necesitaríamos máis? Pois calquera ingreso a maiores sería benvido, sen lugar a dúbidas.

## Quédate algo por facer?

No tempo que votei como Presidente, tomamos as decisións da maneira que máis correcta nos parecía. Penso que fixemos unha xestión axeitada. Aprendín moito cos meus compañeiros de Directiva, adestradores, delegados, xogadores do equipo

sénior, pais e cos que máis, cos nenos. A enerxía e positividade que eles transmiten é incomparable. Sen dúbida, eles son a roda do noso muíño.

## Deixas a directiva pero deixarás os adestramentos tamén?

A miña intención é seguir cos adestramentos. Como xa dixen anteriormente, os rapaces transmítenme unha enerxía que necesito. Dentro dos adestramentos fágolles ver que hai que cumprir unha serie de normas e no caso e ser posible, chegar a uns retos marcados pero tamén me meto dentro do papel deles e deixo saír o neno pequeno que levo dentro.

## O mindoniense Martín Martínez proclamouse campión provincial de Rastreo de Xabaril

Martín Martínez García, de Mondoñedo, vén de proclamarse novamente campión provincial de rastreo de xabaril con Camarón, un can mestizo de 3 anos. O campionato, organizado pola Federación Galega de caza en Lugo, celebrouse o pasado sábado día 29 en Portomarín, e no que participaron preto de 30 cans. Este é a terceira vez que este mindoniense acadou o título, xa que venceu neste mesma modalidade con Padilla no ano 2015 e con Paco no 2017.

Tras acadar este novo título provincial automaticamente Martín Martínez ten o pase para poder disputar a final autonómica desta especialidade, que se celebrará o vindeiro 12 de xuño en Santa Comba, na provincia da Coruña.

Martín, séntese moi orgulloso de acadar novamente este campionato provincial. “Ningunha competición é sinxela, e aínda que xa gañei varias veces este campionato, cada un deles supón un novo reto para min. Síntome moi orgulloso do tra-



Martínez co trofeo

ballo que diariamente realizo cos meus cans, paseos, adestramentos e a alimentación, todo é importante para que estean a punto e consigamos pouco a pouco os nosos obxectivos. Dentro duns días disputarei a final autonómica, e só penso en desfrutar e acadar un bo resultado. Pero sobre todo de levar o nome da miña parroquia natal, Lindín, por todos os recunchos de Galicia, alí está a clave do meus pequenos éxitos”, explica.

## Viveiro acollerá este verán a I Regata de Portos Deportivos

O Concello de Viveiro anuncia que o municipio será a sede da I Regata de Portos Deportivos, entre Marina Coruña e Marina Viveiro, que terá lugar entre os días 17 e 24 de xullo deste ano. A iniciativa está organizada pola Concellería de Turismo de Viveiro, tras manter diversas reunións e xestións con Marina Coruña e Marina Viveiro.

Ambas Marinas están actualmente dirixidas por Roberto Bermúdez de Castro (Chuny), o regatista galego e icona na vela internacional tras gañar a volta ao mundo en 2015. O obxectivo das Marinas é potenciar o deporte náutico e poñer en valor o enorme potencial das augas galegas para este tipo de actividade. No caso da contorna de Viveiro, os acantilados da serra da Capelada, os segundos máis altos de Europa, ofrecen unha paisaxe inédita.

Esta I Regata de Portos Deportivos será ademais de ambiente familiar, promovendo entre os participantes e toda a sociedade galega a cidade de A Coruña e Viveiro.

Aínda que están pendentes de

concretar os detalles, a Regata percorrerá 50 millas de navegación coa flota do tipo IMS galega. Un circuito de ida e volta entre os portos da Marina Coruña e Marina Viveiro, coa ida programada para o 17 de xullo e a volta para o 24 do mesmo mes.

Os participantes pasarán en Viveiro unha semana, durante a que terán a oportunidade de gozar dos recursos turísticos do municipio e das actividades que se desenvolverán con motivo do evento.

Dende o Concello de Viveiro recálcase que o municipio conta coas condicións e instalacións para o evento, polo que é unha oportunidade para que a vela galega coñeza o seu máximo esplendor. Ademais, o evento constitúe unha ocasión para fomentar o deporte náutico e o desenvolvemento das relacións sociais baseadas no deporte e o traballo en equipo.

O goberno recalca ademais que este tipo de eventos deportivos permiten mostrar a costa e a cultura locais, moi vinculadas ao mar.

## Volve a Viveiro a Copa de España de ciclismo adaptado



O 26 de xuño Viveiro convertírase de novo na capital do ciclismo adaptado, acollendo unha das sete probas da Copa de España desta modalidade.

O circuito nacional constará de 7 citas puntuables, que xa arrincaron o 24 de abril en Badajoz e finalizando o 17 de outubro en Totana.


A competición non estará vertebrada por un circuito, senón por un percorrido en liña de 30 quilómetros, que ademais contará cunha notable esixencia.



# COLABORACIÓN

## A envexa

### ENTRE CORRENTES



Luisa Aguado  
Actriz e escritora

**Q**ue é a envexa? Pódese dicir que é querer ter o que o outro posúe ou crer que o outro non se merece o que ten e/ou desexar-lle fracaso... A envexa é un mal maior orixinario dos defectos que acosan ao ser humano. Lembremos a Caín e Abel na Biblia ou Dante Alighieri nos seus famosos pecados capitais, pero xa centrándonos en España grandes escritores referíronse a ela. Cervantes coa súa obra *O Quixote*, nos seus consellos a Sancho chámala "Raíz de infinitos males e caruncho das virtudes". Para Francisco de Quevedo é un pecado especialmente inútil e que non dá satisfacción algunha "Morde e non come". Xa centrándonos no aquí e agora, considero que a envexa anula e empobrece a un país humana,

social e espiritualmente. Hoxe en día estes males maiores vanse facendo grandes nas sociedades do mundo. A envexa crea unha infelicidade continua e unha negación de se mesmo e do outro. E a miña pregunta é esta, por que non es capaz de celebrar o triunfo dun alleo?, por que non te alegras do avance, do premio, do pago a esa loita que o teu compañeiro, amigo ou veciño mereceu?. Cando alguén triunfa adóitase escoitar: "Bo...xa sabes como chegou aí, xa cho imaxinas" ou "Amiguismo, ti xa sabes" ou "Comprando a alguén se chega rápido..." e vinte mil insinuacións mais de todo tipo que non imos reproducir aquí. É verdade que nalgúns casos, pódese dar deste xeito non o imos negar, pero o que non podemos é ser tan viles de desprezar ao que triunfa, a ese que finalmente chegou á cima. O triunfo é o elixir, e o triunfador é aquel ourive que se entrega día e noite a esa peza final que tanto suor e malos sonhos tróuxolle. Eu sei que ti te sen-



tes menos ao ver a un triunfador. Pensas que quizá eras merecedor antes que ela ou el e preguntaste porque a ti non che tocou esa sorte. Ás veces non podemos comprender o tratado oculto de todos os feitos do comportamento humano, todos os factores que inflúen nunha resposta da vida, nunha situación. Pero pensa que quizais descoñeces detalles do asunto e da vida persoal e profesional desa persoa. Descoñeces os seus sonhos, as súas noites en vela, os seus desexos de mellorar e prosperar. Quizais descoñezas que apostou todo á única baralla e gañou. Isto amólache?, ti podes

facelo, aposta ti á única baralla. Faino! Gaña ou perde. Sénteste preparado?, é duro, eh. Hai medo? Probablemente... Entón prefíres seguir vivindo, sobrevivindo de maneira mediocre, sen sobresaltos, co teu pequeno soldo, tendo o teu horario fixo (nin unha hora máis, por suposto) e indo tomar a túa copa e o teu cafecito todos os días, sen momentos incertos, sen desgaste persoal, sen pensar en mellorar. Está ben non hai problema, existen moitas persoas que non queren sobresaltos na vida, só sobrevivir ou vivir comodamente, sen incertezas rodeados de seguridade. Pero

por suposto ti xa escolliches o teu obxectivo, entón deixa mellorar ao outro, déixao crecer, deixa que exprese a súa creatividade, o seu talento e o seu mundo a través do seu anhelo. Non ensucies o éxito do outro con miradas absurdas, con desprezos, con malos modos, con críticas punzantes. Déixao en paz!, deixa vivir ao que triunfa, admite que el goce do seu éxito, do seu poder, do seu diñeiro, das súas amizades, dos seus bens, dos seus amigos. Acéptao dunha vez, porque xa hai moito tempo que ti escolliches, tiveches a opción e decidiches permanecer estático, non emprender, que ninguén che moleste. Decidiches o sofá da túa casa e a pantalla de televisión no canto de noites en vela ou momentos incertos. Non ensucies o triunfo do outro coas túas malas miradas e malos desexos. Agora só podes calar. Regresa pois á túa pantalla de televisión e ao teu silencio.

Artículo baixo  
R. P. Intelectual da autora

## Contos sen palabras

### CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

**H**ai uns días tiven o pracer de asistir no meu querido Mondoñedo á presentación dunha exposición fotográfica sobre Carlos Casares comentada polo propio autor, o excelente fotógrafo Xurxo Lobato. Xamais assistira a un acto destas características tendo ao autor presente e foi unha experiencia moi gratificante. Lobato explicou conceptos moi interesantes sobre aspectos técnicos da fotografía, falounos sobre cómo as imaxes se colocan dun xeito concreto, seguindo unha orde específica, a relación entre o espazo, a sala de exposicións e as fotografías -aproveitamento da luz natural, disposición de portas e fiestras, etc.-, sen dúbida, información moi interesante e valiosa. Personalmente houbo unha frase que calou forte na miña cabeceira: "Unha exposición fotográfica é unha narración sen palabras".

Qué idea tan marabillosa e chea de verdade. Neste caso, sen coñecer en profundidade a vida de Carlos Casares (1941-2002), puiden descubrir cantidade de historias da súa vida profesional e persoal sen ler unha soa palabra. A cada paso, con cada fotografía, unha nova imaxe reveladora diante dos meus ollos mostrando á persoa, ao home, ao escritor. O amor polo seu Ourense natal, Lamas, Sabucedo, Santiago de Compostela, A Ramallosa -parroquia pertencente ao Concello de Nigrán onde residiu moitos anos-, a súa fascinación por Suecia -país que visitou en numerosas ocasións coa súa esposa Kristina-, etc. Toda unha vida en imaxes, unha idea fantástica especialmente ligada a Carlos Casares, quen gostaba da pintura. De feito, varias das súas obras foron ilustradas con cadros do pintor austríaco Adolf Schiele (1890-1918), referente da arte expresionista e un dos pintores preferidos de Casares. Igual que unha imaxe pode expresar unha idea con claridade, a música goza dese mesmo poder.

É realmente fascinante a capacidade descritiva dunha obra musical incluso cando non falamos de "música programática", ou música que xa naceu ligada a un texto ou imaxe. Un exemplo moi representativo é o poema sinfónico "Prélude à l'après-midi d'un faune" do compositor francés Claude Debussy (1862-1918). Esta marabillosa peza está inspirada no poema homónimo de Stéphane Mallarmé, posteriormente adaptada tamén para os "Ballets Russes" de Serguéi Diáguilev. Se falamos de música e imaxe hai unha mención obrigada: "Cadros dunha exposición" do compositor ruso Modest Músorgski (1839-1881). Aínda que foi escrita orixinalmente para piano, acadou moita popularidade coa maxistral orquestración de Maurice Ravel (1875-1937). Músorgski compuxo esta suite inspirándose en dez cadros incluídos na exposición póstuma do seu bo amigo, o artista e arquitecto, Víktor Hartmann. Curiosa é a obra do compositor romántico alemán F.Mendelssohn (1809-1847) "Lieder ohne Worte", "Cancións sen

palabras". Este conxunto de oito ciclos, cada un composto por seis pezas curtas para piano só, representa o paradigma da música que, sen estar ligada a un texto concreto, calquera de nós podería imaxinar fermosos versos conectados a tan claro exemplo de lirismo e beleza. En contraposición temos os dous ciclos de cancións que F.Schubert (1797-1828) compuxo sobre poemas do autor alemán Wilhelm Müller: "Die schöne Müllerin" e "Winterreise". Sinerxía perfecta entre poesía e música, conectados ademais cos cadros do paisaxista alemán Caspar David Friedrich -véxase a pintura "O camiñante sobre o mar de nubes"-.

O mundo que nos rodea está cheo de posibles historias inventadas, momentos que nos inspiran unha imaxe, unha palabra. Sentarte nun banco pola rúa e imaxinar contos sobre a xente que camiña inmersa nos seus pensamentos, os contos arredor da lareira en tempos antigos ou modernos -como disfrutamos hai uns días a miña querida Carol e máis eu

entre risas, queixo e chocolate-. A imaxinación non coñece límites e calquera situación do día a día pode dar pé ao comezo dunha gran historia. Xamais é posible saber con seguridade qué misterios agochan o interior das cousas, sexan persoas, un poema, un cadro ou mesmo o ourizo dunha castaña. O que por fóra pode parecer agreste e cheo de espiñas, pode rematar por sorprendernos e amosarnos auténticas xoias ocultas.

«Hasme oír,  
Agora busco que conxugues ben  
o verbo dos posibles,  
e que ti esquezas esa radio de cousas previas  
amarrada sempre aos pensamentos.  
Hasme oír: déixate  
Que te percibas a ti,  
Tamén ti atropelada das palabras,  
á procura de trazos que nos describan.»  
"Intempériome" de Xela Arias (1962-2003).



# Cinco segundos

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

**N**o tocante a escribir, nesta ocasión vou a invitarvos a pensar, lectores. A asociar cada idea deste texto cunha persoa, un momento ou unha sensación; unha canción, un baile, un libro ou un verso. Unha idea pasaxeira ou permanente, unha fotografía ou un bico. E se queredes, logo de lelo dicidello, así con apelativo despois da coma. Pero facédeme caso e poñede a coma. Paula, cada vez que sei que teño clase contigo veño de mellor humor á Academia. Ángela, o café non me sabe igual cando mo preparas ti. Ana, se fose nai, gustaríame ser unha miguña coma ti. A "Vecina Rubia" fala da regra dos cinco segundos para emitir un xiúzo de valor sobre algo ou alguén. E non pode estar mais acertada, coma de costume. Dille a alguén algo tan só se o pode cambiar nun período máximo de tempo de cinco segundos. Desta maneira, non poderías dicirlle a alguén, "canto engordache este verán", pero si poderías dicirlle que ten un moco no nariz, por exemplo. A miña nai non é quen en cinco segundos de reaccionar e esquivar

unha laranxa se lla tiras con forza á cara, pero tampouco fai moita proba a boa da muller, bastante ten con aturarme durante bastante máis de cinco segundos explicarlle algún axioma que se me complica ao longo do corredor. Así que antes de atribuírlle a alguén unha premisa, pensade neste parágrafo tan regular explicado.

Entra agora na aplicación moedeiro do teléfono, a que está baleira e non emite notificacións desde fai máis dun ano, pecha os ollos despaciño, agora ábreos e mira, hai descargada unha entrada para ver a Coldplay, a quen escribirías para que fose contigo? Ou preferirías ir soa? De seguro que se tiveses en fronte a alguén que agora non pode estalo, terías moi claras cada unha das palabras que dirías, mesmo a ausencia delas para tapalas cunha aperta, pois faino, antes de que sexa demasiado tarde. Houbo unha noite que foi a peor para a miña familia, sen dúbida, unha noite tan ruín que nos roubou a todos os membros da mesma o dereito dun último bico. Mais miserable foi esa noite para miña tía, a ela rouboulle media vida e a outra media aínda está aprendendo a vivila. Escóitade máis, pero fala máis tamén, gústasme cando o fas, porque te noto preto, ao revés que versa o poema. As palabras achegan cora-

zóns separados polo orgullo. Seguindo cos mandados, agora esperta do asiento sen fiesta dun avión logo de doce horas dun voo soporífero que te devolve á casa, ou ao que ti sempre entendiches por iso, a quen botarías en falla na terminal? Tiveches cinco segundos e xa vin que pola túa mente pasaron varios nomes, pero desgraciadamente algúns deses nomes non saben nin saberán nunca que ocuparon esa posición privilexiada na túa memoria. Nin saberán nunca que tes para eles un pedaciño de acougo na túa alma. Ao avó Libardo facíalle especial ilusión cando lle daban o lirio de romeiro por San Antonio, e sabedes que? Que eu nunca lle merquei flores ata que me tocou levarllas ao camposanto. A iso me refiro, a chegar demasiado tarde. Os meus amigos fixeron un xogo no que tiñamos que amosar tres cancións que nos definisen para outras persoas. Dúas delas non mas esperaba en absoluto, e unha aínda non a recibín. A min, que xa me encantaba que me fixesen descubrimentos musicais, non me puido gustar máis a idea, por iso agora vou a tratar de definir eu ás persoas que quero cun libro, co difícil que me vai a resultar esa tarefa. Belén sería Ámote, de Xosé C. Caneiro. E como non é o mesmo contalo que vivilo, aquí empezo a practicar un pouquiño diso

que predico.

A darlle un tento a algún deses plans da lista de cousas improbables por facer. Porque di Laura Ferrero que tamén nos definen os desexos. Apela a que as nosas biografías deberían comezar por aí,

por recoñecer o que non podemos ou non soubemos vivir, porque afirma ser xustamente aquilo que en ocasións remata por definirmos. E ti, que foi o que non soubeches vivir? Se cadra, estás a tempo, ou igual xa é demasiado tarde, o Demo o sabe.

ELISARDO BARCALA



## TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
 Concello: 982 55 85 81  
 Garda Civil: 982 57 40 30  
 Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
 Concello: 982 12 40 02  
 Garda Civil: 982 12 41 94  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
 Concello: 982 58 60 00  
 Policía Local: 982 58 62 11  
 Garda Civil: 982 58 57 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
 Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
 Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
 Concello: 982 55 77 77  
 Policía Local: 615 52 10 52  
 Garda Civil: 982 58 57 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
 Concello: 982 14 00 27  
 Policía Local: 982 13 36 40  
 Garda Civil: 982 14 04 44  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
 Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
 Concello: 982 12 10 06  
 Garda Civil: 982 52 19 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
 Concello: 982 52 40 03  
 Policía Local: 982 50 70 40  
 Garda Civil: 982 52 19 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUROL**  
 Concello: 982 55 91 09  
 Garda Civil: 982 56 10 39  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
 Concello: 982 34 22 77  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
 Concello: 982 12 86 50  
 Policía Local: 982 12 86 50  
 Garda Civil: 982 12 80 48  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
 Concello: 982 34 62 22  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
 Concello: 982 13 50 11  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
 Concello: 982 57 40 00  
 Garda Civil: 982 57 40 30  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
 Concello: 982 59 00 02  
 Garda Civil: 982 59 01 81  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
 Concello: 982 56 01 28  
 Policía Local: 982 56 29 22  
 Policía Nacional: 982 56 17 11  
 Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
 Concello: 982 59 20 01  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

**TELÉFONOS DE INTERESE**

**Emerxencias: 112** | **Incendios Forestais: 085**  
**Urxencias Sanitarias: 061** | **Garda Civil: 062**

[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PRENSA DA MARINA S.L.  
 Dirección: Diego E. García Puente  
 Teléfono: 661 464 323  
 E-mail: redaccion@amariñaxa.com  
 Impresión: Tameiga Publicacións SL  
 Dep. Legal: LU 5-2019  
 ISSN 2660-4493

Teléfono 661 464 323

[redaccion@amariñaxa.com](mailto:redaccion@amariñaxa.com)



## MAR

## Portos ratifica o seu compromiso con Celeiro



Vista aérea do porto de Celeiro

A Consellería do Mar deu a coñecer no Parlamento as diferentes actuacións proxectadas para o porto de Celeiro por importe doutros 1,1 millóns de euros.

A presidenta do ente público, Susana Linguas, lembrou que o seu departamento investiu máis de 1,5 millóns de euros en melloras portuarias en Viveiro nos últimos meses. Entre estas destacou a dragaxe da dársena pesqueira, deportiva e a canle de acceso ao porto, as melloras na nave de redes de cerco e o derrubamento dos galpóns no peirao vello, dando lugar

a unha zona de aparcadoiro público.

Ademais, avanzou que de cara ao futuro Portos de Galicia ten proxectadas actuacións por importe doutros 1,1 millóns de euros. O ente público está a traballar nos proxectos de ampliación de prazas de amarre para o sector profesional, o acondicionamento da nave de redes do peirao norte e o cambio da cuberta do edificio náutico-pesqueiro do porto. Tamén está previsto a medio prazo o reforzo do dique de abrigo, cuxo proxecto vén de ser adxudicado.

## Quintana acusa ao Goberno central de ataque ao marisqueo

A conselleira do Mar, Rosa Quintana, mantivo un encontro con representantes das confrarías de pescadores e das asociacións de marisqueo de Galicia para informalos do recurso presentado polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico para derrogar o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o período 2021-2023. A titular de Mar lamentou que se trata “dun novo ataque inxustificado do Goberno central a Galicia e ao seu complexo mar-industria que incide directamente no labor das mariscadoras e mariscadores”.

A representante da Xunta explicou aos responsables do sector que saíu no Diario Oficial de Galicia (DOG) a resolución pola que se fai público este recurso contencioso-administrativo co Executivo estatal co obxectivo de que as persoas interesadas poidan comparecer como parte no proceso.

Rosa Quintana indicou que o Ministerio de Transición Ecolóxica argumenta que o Plan Xeral de Ex-

plotación Marisqueira 2021-2023 require dun informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral da Costa e o Mar para o outorgamento de zonas de explotación marisqueira, en réxime de autorización ou concesión. Non obstante, Galicia xa aclarou na resposta ao requirimento previo á presentación do recurso que a orde pola que se aproba o plan non outorga zonas de explotación marisqueira, nin en réxime de autorización nin de concesión, polo que non é necesario o informe sobre a ocupación do dominio público marítimo-terrestre. A Xunta lamenta que o Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico poña en dúbida e ataque un sistema de xestión consensuado cos profesionais do sector e que ten demostrado a súa eficacia para regular a actividade marisqueira de maneira ordenada, sustentable e respectuosa co medio ambiente desde hai décadas. A ausencia desta regulación complicaría o desenvolvemento normal da actividade.

## Burela acolleu unhas xornadas Expomar reducidas pola covid

As XXVIII Xornadas Técnicas de Expomar celebráronse en formato semipresencial desde o seu escenario habitual, no salón de actos da confraría de pescadores de Burela, o que supón xa recuperar unha certa normalidade nos eventos do sector. Aínda que os diferentes relatorios realizáronse a distancia, a presentación a cargo do presidente da Fundación Expomar e alcalde de Burela, Alfredo Llano, si se celebrou desde esta sala, dando a benvinda aos asistentes e saudando aos relatores e a todas as persoas que seguían o acto vía telemática. As Xornadas Técnicas contaron este ano con 186 inscricións, máis de 25 persoas asistiron ao acto presencialmente e uns 70 espectadores conectáronse nalgún momento a través da web e redes sociais da Fundación Expomar. Llano lamentou non poder celebrar a edición deste ano da feira náutico-pesqueira Expomar, na que a organización tiña postas grandes expectativas, pero xa emprazou ao público á próxima celebración do ano 2023, augurando unha feira espectacular.



Sesión de apertura das xornadas de Expomar

Pola súa banda, o moderador da xornada, Javier Fraga, agradeceu ao sector pesqueiro o seu funcionamento durante o Covid e destacou as fortalezas de Burela como potencia pesqueira dentro de Galicia e España. Esta edición de Expomar 2021 completouse coa celebración do Encontro Empresarial de Organizacións Pesqueiras, que reunirá de maneira virtual un ano máis ás principais entidades representativas da frota

galega e do sector pesqueiro a nivel nacional.

O sector marítimo-pesqueiro abasteceu con máis de 150.000 toneladas de produtos do mar que foron descargadas no 2020 nas lonxas e centros autorizados de Galicia. Así se expuxo durante a clausura das XXVIII Xornadas técnicas de Expomar onde tamén especificou que esa produción representa un valor económico de máis de 410 millóns de euros.

## Os pescadores saíron á rúa contra o novo regulamento



Unha imaxe da manifestación a favor da pesca recreativa de Burela

Centos de pescadores deportivos manifestáronse desde o peirao de Burela ata a praza do Concello para protestar polo novo regulamento, que reforza o control sobre as capturas, reducindo cotas e modalidades, entre outras medidas. Os manifestantes, na súa maioría da Mariña, aínda que tamén vidos doutras partes da costa, son afeccionados á pesca deportiva en lancha. Sorprende o poder de convocatoria desta concentración, tal e como afirmaron os organizadores nun atril apropiado para a ocasión colocado na praza.

Ao final da marcha, o presidente da Federación Galega de Pesca Marítima Responsable e Náutica de Recreo (Fedpemar) José Antonio Beiro, leu un manifesto contra o que consideran “atropelo con ánimo flagrante de recadación”. Os pescadores censuran o permiso especial que se dará para capturar robaliza ou a cota dun ollomol ao ano. Molesta especialmente a limitación de pezas de bonito de cinco a tres por día, pois supón reducir un 40% a cota do colectivo mentres se aumentou un 13% a profesional.

## Renóvanse dúas embarcacións da frota de gardacostas

A Xunta licitou un novo contrato para a subministración de dúas patrulleiras lixeiras por importe de 2,2 millóns de euros. Estas dúas embarcacións son aptas para tarefas de inspección e vixilancia pesqueira, control e apoio á frota, colaboración en operacións de busca e salvamento marítimo e participación en actividades de loita contra a contaminación mariña.

O orzamento de licitación do contrato ascende a 2,2 millóns de euros (IVE incluído) e está cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

O anuncio xa foi publicado no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) e as empresas interesadas poden presentar ofertas ata o próximo 7 de xuño.

O prazo de execución do contrato será de doce meses establecéndose que a entrega da primeira patrulleira se producirá aos oito meses, probablemente a comezos de 2022, e a segunda cando se cumpran os 12 meses da adxudicación.

As embarcacións deben ser de tipo monocasco e terán un acabado do máis alto nivel de calidade para os barcos profesionais desta clase.



# Iniciadas as obras de mellora na nave de redes do porto de Burela

Iniciáronse as obras acondicionamento e mellora do edificio da nave de redes do porto lucense de Burela nos que a Administración autonómica está a investir 270.000 euros.

O obxectivo desta actuación pasa por renovar e adaptar o inmovible, que conta con 40 anos de antigüidade, e habilitar nel novas dependencias para mellorar as condicións de traballo dos seus usuarios. O prazo de execución das obras estímase en tres meses polo que se prevé que poidan estar rematadas durante o verán.

Os traballos previstos inclúen a substitución da cuberta e da chapa metálica das fachadas, nas que se colocarán paneis prefabricados de formigón armado. Na parte alta instalaranse tanto paneis translúcidos, que permitirán a iluminación natural do edificio, como un lucernario. Así mesmo, substituiranse as portas de acceso do exterior por portas corredizas e renovarase por completo a instalación eléctrica.



O alcalde de Burela, visitando as obras

Finalmente, o proxecto recolle tamén o saneado da estrutura mediante a limpeza, desoxidado e substitución dos elementos auxiliares ao tempo que se instalará un novo aseo e un almacén na zona central da nave. Esta parte independizarase do resto mediante a colocación de portas corredizas.

A presidenta de Portos de Galicia

lembrou que esta actuación se suma a outra gran inversión recente na zona, a segunda fase de ampliación do abrigo de Burela. O ente público investiu nesta actuación, que quedou rematada en decembro de 2020, arredor de 1,2 millóns de euros. En total, Portos de Galicia leva investidos 1,7 millóns de euros en Burela no último exercicio.

## Presentan iniciativas para evitar a suba do combustible

Desde o BNG anuncian a presentación de iniciativas e mocións no Parlamento e nos concellos, "dian- te da posible e máis que segura" suba dos combustíbeis no sector pesqueiro se se confirman os propósitos da UE "e a condescendencia do Estado Español".

Como indican, un dos obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel (ODS) da ONU é a regulación das axudas públicas para o sector pesqueiro, que forma parte dende hai anos das reunións da Organización Mundial do Comercio (OMC) como organismo responsable de buscar o acordo entre os 164 países que a compoñen. "Trátase dun debate que non é sinxelo e cuxas conclusións poderían ter un impacto importante na pesca galega".

Nestes momentos existe un borrador de texto sobre o que se está negociando e o obxectivo é o de lograr un acordo antes da vindeira conferencia ministerial da OMC, inicialmente prevista para o 15 de xullo.

Explican que o documento sobre o que se está a traballar inclúe importantes cambios sobre as regras que actualmente rexen as axudas que recibe o sector pesqueiro. Entre os máis importantes figuran os que se producirían sobre as exen-




cións fiscais aos combustíbeis, que quedarían eliminadas, baixo o argumento de moitas das partes que compoñen a OMC que defenden, sen entrar noutras consideracións, que son subsidios nocivos que fomentan a sobrepesca. Coa adopción das medidas que propón a UE, podería duplicarse o prezo dos combustíbeis da pesca. En España, o prezo do combustible pesqueiro é de 45 céntimos o litro "e, de aprobárense as medidas propostas, podería chegar a dobrar o seu prezo, o que suporía, unha vez máis, un novo ataque ao sector sen ter en conta nin a súa importancia económica nin moito menos a súa implantación e importancia social en moitos territorios altamente dependentes del, nomeadamente o galego", afirman.

## Promocionarán a pescada do pincho a través de experiencias gastronómicas e turísticas

O proxecto *Diagnose e creación dun produto turístico con sinerxías en Galicia e Castela e León*, impulsada pola Organización de Produtores Pesqueiros de Burela (OPP-7) e coa colaboración da Xunta de Galicia e do Goberno de Castela e León, promoverá a pescada do pincho desde a súa captura ata a súa degustación cunha maridaxe de experiencias gastronómicas e turísticas. A iniciativa desenvolverase mediante unha ruta paralela ás do Camiño de Santiago que pasará por oito municipios de Galicia e seis de Castela e León e 18 experiencias turísticas, dez delas na comunidade galega.

A ruta de maridaxe gastronómica e turística da pescada do pincho de Burela impulsada pola OPP-7 recorrerá 14 municipios de Galicia e Castela e León a través de 18 experiencias turísticas. Nela participan 27 entidades entre institucións, restaurantes, aloxamentos hostaleiros e bodegas-hospedaxes. Deste xeito enxalzarase a pescada do pincho de Burela mediante elaboracións gastronómicas que se acompañarán dalgúns dos produtos máis destacados de Castela e León como o seu viño.

## a elección de...



**Carlos Pardo**  
Técnico da oficina de Turismo da Pontenova

un libro



Paradero desconocido de Kressmann Taylor

un disco



Navegaria de Berrogüetto

unha película




Réquiem por un sueño de Darren Aronofsky

un personaxe histórico



Lise Meitner

un lugar para visitar




Sintra en Portugal

unha afección



A fotografía e a música

unha comida



Os faragullos

unha bebida



Cervexa

Consulta os eventos en:  
[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)

**TAXI JOSÉ MARÍA**  
Viveiro Lic. nº21  
Vehículo adaptado de 7 plazas  
Presupuesto sin compromiso

Hoteles - Restaurantes - Hospitales  
Residencias - Aeropuertos - Viajes a toda España  
Rapidez, confort y discreción

606 089 277  
pigueiras@hotmail.com - <https://jose-maria.negocio.site/>



## DESCUBRINDO O PATRIMONIO

# O mellor percebe, o da Mariña?

Durante o mes de xullo, Xove e Rinlo acollen senllas festas de exaltación deste produto do mar, un dos máis apreciados

Na Mariña Lucense desfrutamos coas celebracións. Mostra disto son as numerosas festas que neste destino teñen lugar ó longo do ano con todo tipo de temáticas: relixiosas, gastronómicas ou culturais. Pero un dos produtos máis apreciados na gastronomía mariñá é o percebe. E non é para menos xa que este crustáceo nace nas rocas das costas, onde a auga do océano bate con forza e os percebeiros aventúranse na súa recollida, practicamente xogándose a vida. Por iso, en varios puntos da comunidade celebran este exquisito manjar.

En Xove esta festa gastronómica celébrase a mediados de xullo, e cumpriu no ano 2019 a súa oitava edición. Está organizada pola Asociación de Festexos a Medorra e o Concello, e reparte en cada edición máis de 1.500 racións, arredor de catrocentos quilos deste apreciado marisco.

Tamén en Rinlo celébrase a festa do percebe da man da agrupación de mariscadores de Rinlo e no ano 2019 acadou a décimo sexta edición e repartiron sobradamente os 750 kilos que había preparados para ofrecer.

Estas dúas festas lévanse a cabo en carpas instaladas para a ocasión, e o produto procede das lonxas da zona onde se venden os máis grandes e mellores percebeos dos cantís da Mariña e Ortegal. A festa comeza ao mediodía e dura toda a xornada, alternando distintas actividades como charangas, discoteca, actividades infantís, obradoiros e teatro. Ademais cada ano conta con máis afluencia e maior participación da veciñanza



Arriba, a asociación de Festexos da Medorra e o cartel de Xove e, abaixo, o da festa de Rinlo e unha imaxe da festa do 2019

da Mariña.

O percebe galego, debido á riqueza nutritiva das augas de Galicia, é máis groso e escuro que o de Marrocos, e ten a uña máis avermellada e con menos placas que o percebe do Canadá que é doutra especie parecida, facendo toda esta suma que sexa dunha gran calidade.

Os percebeos da Mariña son unha auténtica delicatessen pois son recollidos na súa gran medida nos cantís das costas do municipio e teñen un enorme sabor a mar.

Esta alta calidade do produto ten que ver coas zonas nas que se crían de moita ondada, o que fai que adquiran un calibre máis groso e de menor lonxitude para

manterse agarrados ás rochas, que os converte á súa vez nunha exquisitez.

O mestre Álvaro Cunqueiro dicía no seu libreo *A cociña galega* que “agora andan moi escasos, e máis caros que a langosta ou a centola, ou as ostras. Os que ún chega a xantar son pequeneiros, apenas se pode levar á boca máis que

unha miñoquiña colorada, e todo o que se para é auga salada. Pero de cando en vez, de San Cibrao, dos farallóns orteganos, do Fisterra ou de Corrubedo, chegan á mesa na que está ún sentado uns percebeos coma o pulgar dun carpinteiro... eses percebeos xustifican unha longa espera, unha golosa esperanza”.

## ARROZ CALDOSO CON BOGAVANTE

Menú para 2 personas

- Rabas de Sepia con Alioli
- Arroz caldoso con Bogavante del Cantábrico
- Postre casero a elegir
- Botella de Albariño gallego



60€  
(por pareja)

## La Quinta

Tabla Gourmet Carnes Rojas



Novedad

BLACK ANGUS RUBIA GALLEGA  
MAMIÑA PICAÑA SIMMENTAL 42 €



La Quinta  
ASADOR RESTAURANTE

